

## ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**29 de setembro de 2023**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e nove de setembro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D<sup>a</sup>. María Sandra Bastos Míguez (PP), D<sup>a</sup>. María Nava Castro Domínguez (PP), D<sup>a</sup>. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D<sup>a</sup>. Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. José Carlos López Campos (PP), D. Carlos López Font (PSdeG-PSOE), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D<sup>a</sup>. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D<sup>a</sup>. María Ortega Iñarrea (BNG), D<sup>a</sup>. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D<sup>a</sup>. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sr. Presidente.- Bueno, moi bo día a todos e a todas, vamos a dar comezo a esta sesión ordinaria prevista para hoxe venres 29 de setembro ás 12 da mañá. Primeiro punto da orde do día.



Sr. López Font.- Si, una cuestión de orden muy breve. No viene en el orden del día de este Pleno la aprobación del acta de la sesión anterior, el artículo, creo que no es necesario decirlo, el artículo 91 del ROF y el artículo 23 de nuestro reglamento orgánico de la Diputación prevén que se tenga que aprobar la reunión, el acta, perdón, de la reunión de la sesión anterior, intuyo cuál va a ser la contestación pero, como quiera que ya el otro día empezamos mal en la Comisión Informativa en los aspectos meramente formales, llamamos la atención de que se cumpla con rigurosidad todo lo que es legal, y debería de venir en este Pleno. Por lo tanto, entendemos que en el orden del día de este Pleno el primer punto debería de haber sido aprobación del acta anterior. Gracias.

Sr. Presidente.- Ben, entenderán que a carga importante de traballo que hai neste servizo pois impediú por falta de tempo elaborar o borrador de acta pero que na próxima sesión loxicamente se traerá esta e máis a de este Pleno, é un tema única e exclusivamente puntual. Polo tanto, xa digo, aclarada esta cuestión.

A)Parte resolutiva:

1.8049.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO EXERCICIO 2023 (EXPTES. 2023059734-2023034449)**

Sr. Presidente.- Comezamos polo primeiro punto da orde do día que é aprobación inicial do expediente de modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo do exercicio 2023. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Grazas Presidente, moi bos días a todos e a todas. Por acordo adoptado no Pleno da corporación provincial celebrado o 25 de novembro de 2022 apróbase definitivamente o orzamento da Diputación Provincial de Pontevedra para o exercicio 2023, xunto co cadro de persoal e relacións de postos de traballo. Resultando que en data 15 de setembro de este exercicio o Deputado delegado de persoal propón unha modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo co fin de introducir os seguintes cambios: Amortización dun posto de traballo de persoal laboral fixo de técnico auxiliar de pre-impresión, amortización de 2 prazas de persoal funcionario de oficial de infraestruturas e servizos e amortización dunha praza de persoal funcionario de



técnico de administración xeral do grupo A<sub>1</sub>. Ao mesmo tempo propónse no expediente a creación dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local, do grupo con categoría 1, con posto de traballo de Coordinador de Servizos Sociais; ao mesmo tempo a creación dunha praza de técnico auxiliar en pre-impresión; tamén se crean 2 prazas de condutor maquinista e se propón a creación de 2 prazas de auxiliar técnico xurídico. O custo laboral total, entre a modificación de baixa e a creación, ascende a dezaoto mil cincocentos vinte e seis euros e non afecta ao montante total do orzamento provincial do ano 2023 nin á masa salarial, ao existir prazas vacantes reservadas non ocupadas en todo o ano.

Sr. Presidente.- Ten a palabra o Voceiro do BNG, César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente, bo día a todos e a todas. Ben, este expediente de modificación do cadro de persoal e da RPT, vale, se pode entender que é un axuste máis ou menos técnico aínda que poderíase entrar a fondo. Pero a nós o que nos sorprende é o que non trae non o que trae, que bueno, algunha cousa se podía matizar, senón o que non trae; e claro estamos asistindo a que por primeira vez na historia, que eu recorde, pois a dirección do Museo a exerce directamente o Deputado, ¿verdá?, e se pon como dirección a unha persoa nomeada a dedo, o anterior director, Carlos Valle, era funcionario coa praza de Director do Museo, e o recente era, José Manuel Rey, era funcionario elixido nun concurso público con concorrencia competitiva para ser. É a primeira vez que tal cousa sucede, que eu teña recordo, é a primeira vez, ¡eh!, e claro, eso é unha modificación dunha, dun calibre elevadísimo, unha auténtica bomba de relojería nos museos. Aí hai unhas declaracións do Sr. Presidente que creo que non sei si por falta de información ou por información sesgada son profundamente erróneas, eso non sucede en ningún museo. Ou sea, as direccións de confianza en certos sitios si que se cambian ou poden cambiarse cando hai cambio de goberno pero os museos teñen deben ter unha certa autonomía e todos os museos que non son uns chiringos así moi desvalorizados, todos, funcionan de outra maneira. Claro, esto é unha modificación, digamos, do funcionamento, do persoal ao servizo de Deputación, profundamente desafortunada, xa digo vai en contra de todo o que se está facendo en todos os museos míreno, míreno, digno de tal nome, e imaxínese como queda eso, ou sea, queda unha persoa nomeada a dedo, totalmente débil, sen ningunha autonomía, sen ningunha capacidade, ou sea, na práctica, e as declaracións públicas así o ratifican é que a dirección efectiva pois non é profesional senón que é



directamente do deputado. Eso é o que votamos en falta o que se dea algunha explicación con respecto ó expediente de modificación do cadro do persoal, bueno, parte xa podía vir de atrás, outras bueno, non son, non vamos a entrar vamos, non vamos a entrar con respecto a eso, pero o outro si, o outro que é do máis gordo que recordo, que recordo, que recordo nesta Deputación. Outras cousas son outro tipo de postos e de institucións pero o Museo antes era un Patronato, non se podía facer eso, despois foi un organismo autónomo, tampouco se podía facer, disolveuse e seguiu cunha dirección profesional e agora pois desaparece a dirección profesional e aparece un tipo de funcionamento que vai a ser moi, moi perigoso, moi perigoso senón ó tempo, senón ó tempo, non quero estenderme máis porque o punto é outro pero quero deixar constancia de que é unha auténtica bomba de relojería no funcionamento dunha institución como o Museo e como o Museo de Pontevedra.

Sr. Presidente.- Moitas gracias. Bueno, ten a palabra o Voceiro Carlos López Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidente. Buenos días a todas y a todos. La política de recursos humanos evidentemente que define a un gobierno, y en este caso como quiera que llevamos muy pocos días, 85 en concreto, pues cualquier paso que se dé ciertamente debe de ser analizado y valorado. Bueno, está extendido en la casa, como se diría coloquialmente, que este gobierno está funcionando a un ritmo caribeño, cansino, sin iniciativas, sin convocatorias y demás, y es verdad que están a punto de cumplirse 3 meses, que da la sensación real de que todo está parado, todo está parado salvo las políticas de personal que llevan un ritmo ciertamente endemoniado. Lo que ha ocurrido con el director del Museo y suscribo lo que dijo, suscribimos lo que dijo el Sr. Mosquera, es evidente que manifiesta a las claras de que hoy aquí hay listas negras en relación con los funcionarios. Y hay muchas jefaturas de servicios y direcciones que consideran que tienen los días contados a la vista de lo que ha pasado con el director del Museo, porque no sólo ha pasado lo que ha pasado y como ha ocurrido sino que es que el propio Presidente lo ha reconocido en una entrevista en el Diario de Pontevedra, que pretende hacer y que los cambios son normales como se tendría producido en una empresa, y se queda el Sr. López más ancho que largo después de decir esto, no es una empresa Sr. López esto, esto es una administración pública en la que se accede por mérito y por capacidad, y lo que creo que los profesionales como el Sr. Rey merecen un respeto porque afecta a su dignidad personal y a su dignidad profesional. Por lo tanto, claro, hay que definir que aquí



se están dando purgas ideológicas en escasamente 85 días. Pero es que en lo concreto de política de recursos humanos ustedes se están cargando cuestiones de transparencia que eran ciertamente importantes, que tenían, por mucho que se ría la diputada, que tenían ciertamente valor para aquellos que se presentaban a las oposiciones. Y es que nosotros en 8 años trajimos a los tribunales personal de otras administraciones, de concellos, de Universidad de Vigo y demás, y esto ciertamente le dió un carácter más plural a los tribunales, y esto no se está haciendo en los tribunales actuales, con lo cual la preocupación de los opositores pues es real. Bueno, en política de recursos humanos hay asesores y asesoras, lo dijimos en una rueda de prensa, que eran anónimos se estaba incumpliendo la ley y, bueno tuvimos la mala suerte de que como consecuencia de nuestra denuncia claro se pusieron a trabajar y como la denuncia era de jueves-viernes pusieron a trabajar a su gente en el fin de semana y nos encontramos, porque ya les anticipo que hacemos el seguimiento, nos encontramos el domingo con que es la primera vez que se conocen los nombres del personal eventual, al que tiene derecho este gobierno, lo dije un día y lo reiteraré mil veces, con lo cuál, bueno, pues la verdad es que les hicimos trabajar a quién le tocase hacer ese trabajo y lo lamentamos porque esto se podía haber hecho el lunes y no hubiera pasado nada por un día más de opacidad. Pero es que en la política de recursos humanos en un proceso de funcionarización de 79 trabajadores, que quedó aprobado, yo no voy hacer más mención en esto a lo que hizo el gobierno anterior, pero procesos de funcionarización absolutamente históricos que no han sido capaces de hacer otras administraciones, pues bueno, han tenido muchísima prisa y resulta que de 79 que están esperando la primera plaza que se saca es la de la actual Coordinadora de Régimen Interno que es la cúspide del gabinete y de personal de confianza, por lo tanto, esta es una mezcla ciertamente inasumible. Por lo tanto, creemos que esta modificación de la RPT estando ahí el presupuesto y teniendo que negociarlo con los sindicatos no procede, nos van a permitir que digamos que conocemos bien las necesidades de personal de esta casa, se necesita personal técnico, se necesita personal que sepa gestionar expedientes, que sepa atender a los fondos europeos y, ¡hombre!, sinceramente lo que no se necesita son dos chóferes y menos, y menos para gabinetes de Presidencia y Vicepresidencia. Es verdad que dice mucho de la estructura de poder que tienen ustedes pero ciertamente no se corresponde con las necesidades. Gracias.

Sr. Presidente.- Ten a palabra o voceiro, Jorge Cubela.



Sr. Cubela López.- Moi ben, aínda que traído o debate a colación e non pertencendo ó conxunto do expediente falaron e nomearon á persoa que cesou no seu posto de Director do Museo, nós queremos referirnos aquí tamén agradecéndolle o seu labor e os seus anos ó fronte do Museo. Dicir que o nomeamento da nova directora do Museo ata que non se cubra o posto mediante o procedemento regulamentario é provisional, i contouse cunha persoa de alta capacidade técnica e de traballo para suplir esta baixa. Nós respectamos o que vostedes poidan opinar pero nós gobernamos, nós decidimos, nós queremos implementar un novo proxecto i nestes momentos pois certas cuestións van a ir aprobadas da nosa man, señores do BNG e do PSOE con todos os meus respectos. Reúne as condicións de mérito e capacidade suficientes, gústelles ou non. Mire Sr. Font, si en algo se caracterizaron os 8 anos de goberno do Partido Socialista na Deputación de Pontevedra a través dos distintos proxectos de orzamento que traían ó Pleno desta casa foron amortizacións de xefaturas de servizos para a colocación a dedo de comisarios políticos que controlaran a quen se lle collía o teléfono, con quen se falaba e o que se despachaba por parte dos funcionarios da casa. Impedindo ó mesmo tempo a promoción da carreira profesional dos funcionarios que podían aspirar ás distintas xefaturas de servizo. Vostede falaba recentemente de que convertimos esta casa nunha administración endogámica, mire non hai máis administración endogámica que a que coloca en gabinetes de persoal eventual na Deputación i no Concello de Vigo a familiares directos de todo o Partido Socialista de Vigo, sobriñas, fillas, esposas i exnoras, non hai máis administración endogámica que esa Sr. Font, as persoas que contan cun posto de persoal eventual neste actual equipo de goberno da Deputación son persoas escollidas pola súa idoneidade e pola súa capacidade técnica. Fala dos tribunais, anteponse a algo que aínda non sucedeu, este goberno non designou ningún tribunal para ningún procedemento interno da casa ¿Sabe cal é a súa garantía de transparencia para todos os cidadáns dende as institucións que gobernaron? Colocar en oposicións a persoas afíns na Zona Franca, tamén cuestionar a colocación e os procedementos i a compra de prazas na policía local de Vigo, i tamén podíamos cuestionar moitas prazas na propia Deputación de Pontevedra. Si quere falar de transparencia porque non estaba subido ó portal o nomeamento de persoal eventual que se fixo conforme a dereito ¿poden dalgunha vez os concelleiros i o persoal eventual do Partido Socialista de Vigo presentar ó portal de transparencia do concello as súas declaracións de bens dunha vez?.

Sr. Presidente.- Ten a palabra o voceiro, César Mosquera.



Sr. Mosquera Lorenzo.- Gracias Sr. Presidente. Quédome atónito, ou sea, ¿Entendín ben?, ou sexa, o portavoz do PP, o Sr. Cubela, venlle a facer unha emenda da totalidade e dicirlle ó Sr. Domínguez que se quede quieto, que se vai a sacar a praza como corresponde, cousa que el non anunciou nin dixo nunca, nin dixo nunca, de verdá me quedo atónito, quero dicir e á parte, en certo modo, pois parece que é totalmente contraditorio porque senón, se agora é a dedo, vale, provisional, vale, o anterior estaba cumprindo cos seus deberes e agora vano sacar outra vez polo procedemento de concurso, ou sea, mételle unha corrección ao que dixo o Sr. Domínguez, porque nunca, nunca escoitei tal cousa, nunca, en todas as declaracións, e mire que é ..., á parte faino por escrito co cual non hai lugar a dúbidas, porque falando aínda podes confundirte, pero, ou dicir algo que non é exactamente o tal pero, por escrito é mais difícil, ¡eh!, bueno, pois en certo modo case levo unha alegría, agora non sei si estou constatando unha corrección, do cual me alegraría que se fixera esa corrección, seguramente non vai a ser a única, seguro, senón o tempo, o tempo o dirá e xa teremos ocasión de, ocasión de velo.

Sr. Presidente.- Ten a palabra o voceiro, Carlos Font.

Sr. López Font.- Compartí con el Sr. Cubela un día un seminario sobre políticas públicas y bueno demostraba o parecía demostrar cierto conocimiento sobre el tema, pero ahora me acaba de dejar impresionado con el desconocimiento que tiene sobre el tema Sr. Cubela. Cuando habla de presupuestos, en presupuestos van las plantillas de funcionarios y de personal laboral, y al inicio de mandato se decide el personal eventual y no tiene nada que ver los presupuestos con el personal eventual designado. Cuando tengamos la transcripción de este acta, veremos inclusive si procede alguna acción legal contra las cosas que usted ha dicho. Mire, no se puede hablar de compra de plazas de policías locales, no se puede hablar de parentesco familiar cuando se nombra personal eventual, porque eso lo hace usted y yo no lo voy hacer, yo no voy a coger el listado del personal eventual que ustedes nombren para sacar aquí los colores de si son cuñados, hermanos o sobrinos, esa es la diferencia entre ustedes y nosotros y, por lo tanto, yo no le voy a entrar en ese sentido porque es ciertamente insultante. Mire, dejó de ser el portavoz de la oposición, es usted miembro de este gobierno, por mucho que sea el portavoz de su grupo, de verdad y por el afecto personal que le tengo, mida las palabras y mida las palabras porque cuando hablamos de personas hay que dejar al lado el tema personal para hablar del tema político, y cuando se





nombra a personal eventual, yo cuando me refiero, nosotros cuando nos referimos a quien ostenta la cúspide del personal eventual y gabinete de este gobierno es porque tiene una plaza de funcionario, pero usted no es quien para cuestionar que personal eventual decide el Alcalde de Vigo, como yo tampoco soy quién para cuestionar qué personal eventual decide la Alcaldesa de Pontareas o el Alcalde de A Estrada. Y le pido respecto porque el debate político tiene que estar al margen de. Mire, ustedes tienen un personal eventual que pasado un prudencial tiempo desde el nombramiento, no yo sino la ciudadanía, no conocía sus nombres, y puede verificar que en donde gobernamos están los currículos, están los datos, están las declaraciones de bienes y, por lo tanto yo, si usted no sabe distinguir el debate político de lo que es el fango de lo personal dígamelo de una vez y hablamos de otra manera pero le descalifica Sr. Cubela, le descalifica, a mí no me oír de hablar de cuñados, de hablar de no sé qué, el personal eventual tiene que estar al servicio de un gobierno y el gobierno anterior durante 8 años no colocó con plaza fija a nadie, no así el Sr. Louzán y cuándo quiera lo hablamos.

Sr. Presidente.- Grazas. Ten a palabra o voceiro Cubela.

Sr. Cubela López.- Dentro do mantemento dun tono cordial que aminore a dor que lle poidan producir as miñas palabras que só fan que describir a realidade vostede non me pode negar que a través dos documentos do orzamento, i non mezclo temas, amortizáronse xefaturas de servizos i coloraron a postos políticos para facer esas funcións e isto está recollido nos informes de Intervención i das mesas de negociación nas que se debatiron, se expuxeron i se presentaron as distintas fases do documento ao persoal desta casa. Non o pode negar, está aí, xa o sometimos a debate en anteriores plenos no pasado mandato. Miren, eu sinto que non lle conten, oe o calendario co que aprobou o seu goberno as distintas fases do proceso de funcionarización de 79 prazas nesta casa, e o quero dicir porque se referiu a unha persoa que é funcionaria que é persoal desta casa, a pesar de que agora sexa personal eventual, que foi aprobado dentro do calendario do anterior goberno Socialista i, polo tanto, dentro dese calendario vostedes propuxeron e aprobaron, ao mellor non llo dixeron, non llo discuto, que esta praza que ocupa esta persoa fose a primeira, o primeiro nomeamento das 79, foron vostedes, aprobou un proceso i, polo tanto, dentro dun calendario establecido por vostedes que non o establecimos nós. Miren, claro que podemos criticar como non con lexitimidade i ademais conforme aos nosos principios que dentro do que a lexislación permite dentro dos criterios de idoneidade vostedes





nomeasen como persoal eventual desta casa a familiares directos do secretario provincial do Partido Socialista, da propia Presidenta de Deputación i do Teniente Alcalde de Vigo i, polo tanto eso podémolo criticar nós agora contamos con persoal eventual que é funcionario desta casa i con persoas de libre designación que reúnen as condicións de idoneidade, Sr. Font, lles guste ou non, non hai ningún familiar directo. (*Escóitanse voces*) O nivel é este, cantarlles as verdades.

Sr. Presidente.- Bueno, vamos. Antes de proceder á votación, eu, simplemente un matiz Sr. Font. Que facía vostede mención a que nos tribunales de selección da, de funcionarios da Deputación que participaban funcionarios de concellos, ¿era ben saber de que concellos?, Pontevedra e Vigo e ocasionalmente se incorporaron de Vilagarcía ou Poio, todos eles con gobernos de Psoe e Bloque. É a nosa intención darlle un protagonismo por suposto ao persoal da Deputación pero tamén crear unha bolsa de voluntarios nos que poidan participar de calqueira concello sexa máis grande, máis pequeno e independentemente de o partido que governe ese concello, e por suposto unha persoa de fóra, da Universidade ou da Institución que sea máis acaecida acorde a esa praza. Así que vamos a proceder á votación deste primeiro punto da orde do día. ¿Votos a favor da aprobación inicial do expediente de modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo do exercicio 2023? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Queda aprobado coa maioría do Partido Popular de 14 votos.

Resultando que por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 25/11/2022, apróbase definitivamente o orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio 2023, xunto co cadro de persoal e relacións de postos de traballo.

Resultando que en data 15/09/2023 o deputado delegado de persoal propón unha modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo co fin de introducir os seguintes cambios:

- Amortizar un posto de traballo de persoal laboral fixo de técnico/a auxiliar pasador retocador con xefatura de negociado, adscrito ao Servizo de Comunicación, que quedou vacante pola xubilación do titular.
- Amortizar dúas prazas de persoal funcionario de oficial de infraestruturas e servizos do grupo C2, con posto de traballo adscrito ao Servizo de



Infraestruturas e Vías Provinciais, que quedaron vacantes pola xubilación dos titulares.

- Amortizar unha praza de persoal funcionario de técnico/a de admón. xeral do grupo A1, con posto de traballo de Adxunto/a ao Servizo de Asesoría Xurídica, nivel 27, que quedou vacante pola xubilación da titular.
- Crear unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local, do grupo A1, con posto de traballo de coordinador/a de servizos sociais, con nivel 27 de complemento de destino e adscrito ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, para que se encargue da coordinación, control e seguimento dos proxectos de servizos sociais, e a fin de facer efectivo o reingreso de funcionaria de carreira da Deputación de Pontevedra, que estaba en situación administrativa de servizos noutras Administracións Públicas e débesele asignar o tipo de praza á que pertence e un posto de traballo adecuado a súa area de actividade.
- Crear unha praza de técnico/a en pre-impresión, do grupo C1, e posto de traballo de igual denominación, dotado co nivel 20 de complemento de destino e adscrito ao Servizo de Comunicación, con cargo á amortización do posto de laboral fixo e co fin de asignarlle as mesmas funcións, variando unicamente o vínculo xurídico.
- Crear dúas prazas de condutor/a maquinista, do grupo C2, con posto de traballo de condutor, adscrito a Secretaría Xeral, unidade do Parque Móbil, con nivel 17 de complemento de destino e o factor dedicación dentro do complemento específico, co fin de reforzar os servizos do Gabinete de Presidencia e Vicepresidencias, así como os desprazamentos do persoal dos distintos centros da Deputación.
- Crear dúas prazas de auxiliar técnico/a xurídico/a, do grupo C1, encadradas na Escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, con posto de traballo de igual denominación, dotado do nivel 20 de complemento de destino e adscrito ao Servizo de Asesoría Xurídica, debido ao incremento da actividade contenciosa nos últimos anos e o elevado número de expedientes en trámite, que requiren dunha maior dotación de persoal de apoio para a preparación e defensa dos asuntos que leva este Servizo.

Resultando que ao tratarse dunha modificación do cadro de persoal e relacións de postos de traballo convocouse a Mesa Xeral de Negociación para tratar este asunto, reunión que se celebrou o pasado 15 de setembro.



Resultando que o custo laboral total que deriva desta modificación recóllese na seguinte táboa:

<b>AMORTIZACIÓNS</b>						
<b>Praza/Posto de traballo</b>	<b>RX</b>	<b>Gr</b>	<b>CD</b>	<b>Retribucións 3 meses</b>	<b>Cota patronal 3 meses</b>	<b>Total</b>
Técnico/a auxiliar pre-impresión	LF	C1	22	7.608,17	2.438,42	10.046,59
Oficial/a de infraestruturas e servizos	FC	C2	17	6.787,35	2.131,23	8.918,57
Oficial/a de infraestruturas e servizos	FC	C2	17	6.787,35	2.131,23	8.918,57
Técnico/a admón. xeral	FC	A1	27	11.057,95	2.897,18	13.955,13
<b>TOTAL</b>				<b>32.240,82</b>	<b>9.598,06</b>	<b>41.838,86</b>

<b>CREACIÓNS</b>						
<b>Prazas</b>	<b>RX</b>	<b>Gr</b>	<b>CD</b>	<b>Retribución 3 meses</b>	<b>Cota patronal 3 meses</b>	<b>Total</b>
1 Técnico/a auxiliar pre-impresión	FC	C1	20	7.114,17	1.874,58	8.988,75
1 Conductor maquinista	FC	C2	17	7.702,93	2.029,72	9.732,66
1 Conductor maquinista	FC	C2	17	7.702,93	2.029,72	9.732,66
1 Axente de emprego e Desenvolvemento Local, posto coordinador/a servizos sociais	FC	A1	27	11.057,95	2.897,18	13.955,13
1 Auxiliar técnico/a xurídico/a	FC	C1	20	7.114,17	1.863,91	8.978,08
1 Auxiliar técnico/a xurídico/a	FC	C1	20	7.114,17	1.863,91	8.978,08
<b>TOTAL</b>				<b>47.806,32</b>	<b>12.559,02</b>	<b>60.365,34</b>

Resultando que a diferenza resultante, que ascende a un total de **18.526,48 €**, non afecta ao montante total do orzamento provincial do ano 2023, ao existir prazas vacantes reservadas non ocupadas en todo o ano.

Considerando que segundo o disposto no artigo 33.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co previsto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

Considerando que, así mesmo, os artigos 4.1 e 33.2 da LRBRL, artigo 70.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e artigo 126.3 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), atribúen ó Pleno da Corporación Provincial a organización da Deputación, así



como a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo a través do orzamento provincial.

Considerando que a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario que se propón fundamentase na potestade de autoorganización da Corporación Provincial, recoñecida nos citados artigos, así como na adaptación da estrutura de persoal ás necesidades dos servizos, ademais de garantir o reingreso dunha persoa funcionaria, que estaba en situación de servizos noutras Administracións Públicas, con efectos económicos e administrativos dende que o solicitou, ó amparo do artigo 84 do Real decreto legislativo 2/2015, de 1 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, relativo á mobilidade voluntaria entre Administracións Públicas.

Considerando que conforme ó previsto no artigo 126.3 do TRRL a modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquel.

Considerando que neste sentido, o artigo 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, precisa que a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo seguirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, os cales se describen neste mesmo artigo e seguintes, 169 e 170, o que require aprobación inicial, exposición ao público por período de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, e aprobación definitiva. Non obstante, a efectos de reclamacións deberá terse en conta que o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do Emprego Público de Galicia, fixa un prazo de información pública non inferior a vinte días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a modificación da relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Á vista do exposto, considerando os informes RRHH e Secretaría así como de Intervención, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de



Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG:

Primeiro: Modificar o cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación Provincial de Pontevedra, co obxecto de introducir os seguintes cambios:

1. A amortización dun posto de traballo de persoal laboral fixo de técnico/a auxiliar pasador retocador con xefatura de negociado, do grupo C1, adscrito ao Servizo de Comunicación, vacante pola xubilación do titular.
2. A amortización de dúas prazas de persoal funcionario de oficial/a de infraestruturas e servizos do grupo C2, con posto de traballo adscrito ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais do nivel 17 de complemento de destino, vacantes pola xubilación dos titulares.
3. A amortización dunha praza de persoal funcionario de técnico/a de admón. xeral do grupo A1, con posto de traballo de adxunto/a ao Servizo de Asesoría Xurídica, nivel 27, vacante pola xubilación da titular.
4. A creación dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local, do grupo A1, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase superior, con posto de traballo de coordinador/a de servizos sociais, co nivel 27 de complemento de destino e adscrito ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, para que se encargue da coordinación, control e seguimento dos proxectos de servizos sociais e a fin de facer efectivo o reingreso dunha funcionaria de carreira da Deputación Provincial de Pontevedra, que estaba en situación administrativa de servizos noutras Administracións Públicas, na praza á que pertence e nun posto de traballo adecuado a súa área de actividade.
5. A creación dunha praza de técnico/a en pre-impresión, do grupo C1, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase auxiliar e posto de traballo de igual denominación, dotado co nivel 20 de complemento de destino e adscrito ao Servizo de Comunicación, con cargo á amortización do posto de laboral fixo e co fin de asignarlle as mesmas funcións, variando unicamente o vínculo xurídico.



6. A creación de dúas prazas de condutor/a maquinista, do grupo C2, encadradas na escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, con posto de traballo de condutor/a, co nivel 17 de complemento de destino e o factor dedicación dentro do complemento específico, adscritos a Secretaría Xeral, Unidade do Parque Móbil, co fin de reforzar os servizos do Gabinete de Presidencia e Vicepresidencias, así como os desprazamentos do persoal dos distintos centros.
7. A creación de dúas prazas de auxiliar técnico/a xurídico/a, do grupo C1, encadradas na escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, con posto de traballo de igual denominación, co nivel 20 de complemento de destino, adscritos ao Servizo de Asesoría Xurídica, debido ao incremento da actividade contencioso-administrativa dos últimos anos, que require de persoal de apoio para a preparación e defensa dos asuntos que leva este Servizo.

Segundo: Este expediente de modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo de persoal da Deputación Provincial de Pontevedra, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de vinte días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudadas, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Terceiro: Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo do exercicio 2023, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

2.8050.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 6/2023 (EXPTES. 2023060478-2023059667)**



Sr. Presidente.- Pasamos ó segundo punto da orde do día que é, Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos nº 6/2023. Ten a palabra o voceiro, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Traemos a aprobación un expediente de modificación de crédito que inclúe créditos extraordinarios por importe de 28.283 euros. A tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden ser demorados ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose na súa totalidade con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais. A Intervención emite informe de data de 21 de setembro de 2023 no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario. Deste xeito o Concello de Arbo recibirá en forma de subvención nominativa 28.283,45 euros por parte da Deputación de Pontevedra para a reparación da rede de pluviais danada a causa do incendio forestal acaecido o día 30 de xuño de 2022 no entorno do parque empresarial de Arbo. Este expediente de créditos extraordinarios finánciase na súa totalidade con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, a través do remanente líquido de Tesourería para gastos xerais. Como reconece a Secretaría de Estado de política territorial na súa resolución do 16 de xuño de 2023, trátase dunha zona gravemente afectada por unha emerxencia como foron os incendios forestais acontecidos durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2022. Ao Concello de Arbo se lle outorgaron 28.283 euros sobre un orzamento de 56.566 euros, co obxecto do financiamento da actuación “Reparación da rede de pluviais danada a causa do incendio forestal acaecido o 30 de xullo de 2022 no entorno do parque empresarial de Arbo”, debendo polo tanto financiar a entidade municipal a achega de 28.283 euros. Dada a urxencia do investimento e co fin de facilitar ó concello o cumprimento da finalidade proposta debido á falta de recursos económicos suficientes para afrontar o cofinanciamento a Deputación propón o outorgamento dunha subvención nominativa con consignación orzamentaria mais este importe de subvención concedida ó Concello de Arbo se lle detraerá da cantidade que lle poida corresponder no futuro plan de obras e servizos municipais para o exercicio 2024.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra D. César Mosquera.





Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. A ver, unha cuestión de, digamos xenérica, nós non temos ningún problema con votar a favor desta modificación de créditos pero o que si queríamos saber é si esto vai ser a práctica e vai a ser o mesmo mecanismo que se vai a utilizar cando outros concellos poidan estar nas mesmas circunstancias, ¿non?, porque, bueno, senón teríamos certos problemas ¿non?, que a Deputación faga realmente si os incendios foron no 22, urxencia, pois, relativa, ¿non?, o problema é que recibiu unha subvención e non perder a subvención, basicamente é o asunto, ¿non?, bueno, e que se financie, correcto, e se eso se vai a facer con outros concellos, que ás veces á Deputación facer arreglos deste tipo axúdalle máis ós concellos que darlle 50.000 euros máis ou menos, 10.000 ou o que sexa, si vai a ser a norma e se vai a facer pois non temos ningún inconveniente en votar a favor.

Sr. Presidente.- Ten a palabra D. Carlos Font.

Sr. López Font.- Muchas gracias Presidente de nuevo. Bueno, yo creo que a las cosas hay que llamarlas por su nombre, y con todo el cariño para el Concello de Arbo y con todo el afecto sobre las necesidades que pueda tener, no solo el Concello de Arbo sino con todos los concellos de la provincia, yo creo que a las cosas, insisto, hay que llamarlas por su nombre, esta es la primera cacicada en reparto de fondos, porque el Presidente dijo en su discurso de investidura que se iba a tratar igual a todos los concellos y 85 días después ustedes entiendo que van a levantar la mano para refrendar esta cacicada. Es verdad que no es una cacicada muy grande, Louzán las tenía de veinte millones, y es verdad que se produjeron en el Concello de Arbo, un incendio que padeció, que fue declarado, lo que todo el mundo conocemos, como zona catastrófica, zona afectada especialmente por una emergencia de protección civil, y bueno, aquí hay que decir y conviene también hacer notar que la Xunta de Galicia en aquel momento no hizo absolutamente nada y se quedó de brazos cruzados. Bueno, el caso concreto es que el Alcalde de Arbo precisa, Concello de Arbo, precisa de 28.000 euros, la parte que le corresponde, y entonces nos encontramos, bueno, primero en una Comisión Informativa en la que no se lleva ningún papel, en la que se nos informa de palabra, pero vayamos a lo concreto ¿Qué hace la Diputación, el gobierno de la Diputación? Ni más ni menos, y se ha dicho así, textualmente, por ustedes, subvención nominativa a un concello, ¡hombre!, esto en román paladino, evidentemente es una subvención a dedo, y además luego también se dice en un sistema que parece más bien de compensaciones, de enjuagues, que lo que se le da ya se le descontará, ¡hombre!, esto coloquialmente entre nosotros está muy



bien pero creemos que como procedimiento administrativo no se sustenta ni muchísimo menos. Esto es un asunto partidista, es un asunto partidista llevarlo fuera del orden del día y con un concello determinado, porque creo que más que hacer la exposición que ha hecho el Sr. Cubela, enunciativa y todo perfecto y ajustándose a la legalidad las preguntas que debería de responder el Sr. Cubela y el Presidente ¿qué pasaría si estos 28.000 euros los necesitase un concello con un alcalde del PSOE, del BNG o Independiente? Si no fuera un concello del PP ¿tendríamos primero la misma celeridad y segundo la misma disposición para atender esta urgencia?, pues estoy seguro de que no. Porque miren hay un problema y es que cuando se dice que se va a atender a todos los concellos igual, ¡hombre!, ustedes con el conocimiento que tienen de cómo se ha funcionado durante 8 años en esta administración pública deben de reconocer que este procedimiento no estaba establecido, que si yo fuese el alcalde de un concello determinado y necesito 28.000 euros no se me ocurre trasladar una solicitud a la Diputación para que me lo den y luego me lo compensen porque no está reglado ni en el Plan Concellos ni está en ninguna normativa. Por lo tanto, esto es evidente que hay un trato de favor, a favor, perdón, del Concello de Arbo y este no es el sistema porque, ¡claro!, el Presidente, y luego hablaremos, manda comunicaciones a todos los concellos, yo pregunto ¿Salió alguna comunicación diciendo que este sistema compensatorio lo puede hacer cualquier otro concello? ¿Qué cualquier alcalde o alcaldesa que se pueda ver en la necesidad de una cantidad determinada se puede dirigir? Bueno, ¿A quién se dirige? ¿A usted, al diputado/diputada de Cooperación? ¿A quién se dirige? Porque ciertamente esto es sorprendente. Por lo tanto, yo creo, nosotros creemos que el sistema es el que corresponde a lo reglado. Mire, cuando hubo inundaciones se arbitró una línea extraordinaria de 2,7 millones, se decidió aquí, los concellos afectados sabían lo que tenían y como tenían que hacerlo y, por lo tanto, con el máximo cariño al Concello de Arbo, con la máxima implicación a lo que pueda necesitar, decir que dentro del voluntarismo que ha tenido el Concello de Arbo el gobierno de la Diputación le ha tratado de forma deferente a diferencia de otros concellos.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Font. Ten a palabra o voceiro, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- A verdade é que nos sorprende as intervencións formuladas a unha urxente necesidade dun concello, neste caso dun concello de menos de dez mil habitantes da provincia de Pontevedra, indistintamente da cor política do seu alcalde. Asegúrolles que se non contásemos cun informe da Secretaría de Estado de política territorial que emite unha resolución o 16 de xuño deste ano,



indicando que o Concello de Arbo é unha das zonas gravemente afectadas por emerxencias como foron os incendios forestais do verán do 2022, non teríamos capacidade para xustificar isto, pero este novo goberno que preside Luis López, que foi alcalde dun concello, neste caso tamén dun concello de menos de 10.000 habitantes, está preparado para devolverlle á Deputación de Pontevedra os obxectivos polos que sigue existindo, que non é outra que asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade da provincia dos servizos de competencia municipal e como é neste caso a asistencia e cooperación económica cos concellos, especialmente de menor capacidade, como son os de menos de 20.000 habitantes. Señores do PSOE de Vigo e do BNG, vostedes que receiptaban Plan Concellos para todo, sen atender situacións como esta que presenta o Concello de Arbo, se lles está dicindo aquí que con obxectividade i anunciando que se lle detraerán do próximo plan provincial no exercicio 2024, se executa un expediente totalmente informado de forma favorable para atender unha petición de auxilio dun concello da provincia de Pontevedra. Fóra da súa discrecionalidade, fóra do Plan Concellos cabía todo, pero nós agora atendemos a todos os concellos por igual. Asegúrolles que si hai outro concello indistintamente da cor política do seu alcalde ou alcaldesa, que se vexa na mesma situación, atenderemos a súa petición. Esa é a diferenza do caciquismo e o sectarismo que estaba implementado nesta Diputación, a falta de sensibilidade coas necesidades dos concellos e principalmente cos de pouca entidade, i nestes momentos, Sr. Font, váianse acostumbrando porque este goberno que preside Luis López volve para escoitar aos alcaldes, volve para recibir aos alcaldes i volve para atender ás necesidades dos concellos da provincia, indistintamente da súa cor política.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Cubela. Ten a palabra o voceiro César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. A ver, quero entender que se outro concello sexa por unha subvención, sexa por unha situación excepcional, vaise poder acoller a esta mesma fórmula, ¿hai ese compromiso ou non? Porque aí di, se está na mesma situación, a mesma situación é unha subvención do Estado para certas circunstancias, eso non vai habelo. Digo se hai outra situación na que un concello pois ten esta, vamos, unha urxencia, e que poida, digamos, adiantar unha pequena cantidade do POS ou do Plan Concellos do ano seguinte, se se vai aplicar ou non. Non vamos a entrar no fondo, o que significa, despois o comentaremos, pero nós queremos ese compromiso, se hai ese compromiso nós votamos a favor, xa o dixen. Entonces, o compromiso, non sei se o voceiro está



en condicións, se o Presidente o ten claro, se hai ese compromiso votamos a favor, que haxa algo, pero non mo poña tan restritivo, “vamos facer o mesmo se se dan as mesmas circunstancias”, anda, anda, incendios e subvencións do Estado pasa unha vez, pero hai outras circunstancias parecidas, parecidas nas que se pode facer. Entonces, eso é o que queríamos saber, si entendemos que hai ese compromiso nós votamos a favor.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. Ten a palabra D. Carlos Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidente. Cuando el Sr. Cubela se coloca, que no quiero el tiempo, ¡ah!, cojo la palabra, cuando el Sr. Cubela se coloca con el traje de buenismo le sale tan mal y le sale tan impropio que no se lo cree absolutamente nadie. Y cuando dice que sorprende, que justifica, que una necesidad de un concello, que otros no respondieron, bueno, cuando habla de caciquismo se refiere a su compañero de partido Sr. Louzán, ¿no?, se refiere a eso ¿no? Porque desde luego en cuanto a transparencia democrática 8 años de gobierno anteriores fueron el mayor ejemplo de democracia de esta casa, por lo tanto, le deben estar sonando los oídos al Sr. Louzán. Mire, cuando, sé que queda muy bien esto de, ¡este gobierno del Sr. López escucha y hace con los concellos y demás!, no, escuchar no, no escucha, porque no ha convocado a los alcaldes aquí y alcaldesas, no los ha convocado, no los ha escuchado, habrá escuchado al alcalde de Pontevedra y habrá escuchado a la alcaldesa de Mos, pero no ha escuchado a nadie más, luego hablaremos de ese tema, de lo que hicimos unos y de lo que hicimos otros. Miren, no me coloquen, no nos coloquen en el buenismo del Concello de Arbo y de las necesidades del Concello de Arbo, porque si algo se ha hecho para atender a las necesidades de los concellos han sido, en los 8 últimos años, en planes extraordinarios, planes extraordinarios que respondían a cada una de las necesidades, como el último de las inundaciones. Hay un plan extraordinario todavía vigente, que es el PON2030, que atiende a los concellos, a cuestiones de infraestructuras importantes, que usted dijo que no iba a haber ni 5 y al final hubo 53, que usted dijo que a lo mejor no se presentaba, se presentó, se le dió, y por la ineptitud de usted como alcalde fue incapaz de llevar a cabo la subvención que tenía para ese plan en concreto. Por lo tanto, lecciones ninguna, ninguna lección. Lo que está claro aquí y es que hay que definirse, es si esto es una forma extraoficial y si es una forma extraoficial, no quiero corregir al Sr. Mosquera, pero lógicamente nosotros de su palabra, tal y como están actuando, ¡hombre!, no nos da credibilidad sobre todo porque no tiene una legalidad. Yo preguntaba, usted es un maestro en no responder, el alcalde-



alcaldesa de no sé dónde cuando tenga una necesidade como a de Arbo, ¿a quién llama?, ¿al Presidente?, ¿a Cooperación? o ¿a usted como Portavoz del PP?, porque no sabrá a quién chamar, es máis, no sabrá como invocar el que necesita una axuda determinada. Mire, todo isto se sustancia en que lo escrito y lo que son los derecos de los concellos funciona lo que es de tapadillo y vamos a axudar dentro del buenismo, eso no funciona Sr. Cubela.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Font. Ten a palabra o Voceiro Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Empezo polo final porque como Alcalde é importante responder á cuestión que acaba de formular o Portavoz da oposición pertencente ao Grupo Provincial Socialista e que foi Vicepresidente e Portavoz do Grupo Provincial Socialista no goberno. ¿Onde estaba esa obxectividade durante os últimos anos cando a expresidenta non tivo tempo de reunirse nin unha soa vez, nin unha soa vez, nin visitar institucionalmente aos concellos, nin recibir nin unha soa vez a alcaldes coma o de Cerdedo-Cotobade ou o de Rodeiro, nin unha soa vez, non poderán traer aquí unha fotografía, nin unha concesión de entrevista, todas as formulaban para ser atendidos presencialmente pola anterior Presidenta da Deputación. Esa é a falsa obxectividade sobre a que disfrazaron os seus 8 anos de goberno. Plan Concellos como Aspirina bayer para todo, con proxectos que estaban previamente pensados, traballados i presentados nesta Deputación. ¿Pero onde estaban as necesidades extraordinarias dos concellos cando os municipios necesitaban a primeira man que debe atender a un municipio como é o da Diputación de Pontevedra?. Non se preocupe Sr. Font que se un alcalde ou alcaldesa ten unha excepcionalidade como a do Concello de Arbo, está motivada e xustificada técnicamente, xa lle respondo Sr. Mosquera, que este goberno vai atender a ese alcalde ou alcaldesa indistintamente da súa cor política aínda que se dirixa ao Portavoz do Partido Popular, aínda que se dirixa a Cooperación ou se dirixa ao Presidente, porque nós volvemos aquí para abrir a casa aos alcaldes e ás alcaldesas, i deixar de converter o pasillo de Presidencia no mundo do inframundo de hades onde non existía nada.

Sr. Presidente.- Ben. Moitas grazas Sr. Cubela. Escoitaba aquí na bancada do Grupo Provincial do PSOE á deputada Digna Rivas, que pouca vergoña, cando o voceiro do Grupo do Partido Popular dicía que non visitara o seu concello en 8 anos, eso é certo, en 8 anos o meu concello xamais foi visitado pola anterior Presidenta salvo no período electoral como candidato, bueno, en membro responsable do PSOE. Pero é que fun a Mos esta semana e a Presidenta en 8



anos non pisou Mos, e así case un 20%, case un 20% dos concellos. Polo tanto, “que pouca vergoña”, eu pido que dialecticamente, dialecticamente, pois utilizemos outra terminoloxía máis axeitada aínda que non nos guste o que diga tanto unha bancada como a outra, e esto vai para uns e para outros. Sen máis. Procedemos á votación do punto da orde do día, o número 2. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 6/2023. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra?. Queda aprobada por unha maioría de 17 votos. Procedemos entón a iniciar o debate do terceiro punto da orde do día que é a Modificación das bases reguladoras do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 PON2030.

O anterior punto, o número 2, o da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 6/2023 saíu aprobado por unha maioría de 18 votos, 14 do Partido Popular e 4 do Bloque Nacionalista Galego.

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación, en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2023006130, de data 2 de agosto de 2023, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 06/2023. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.06/23), por importe de 28.283,45 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose na súa totalidade con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible.

Resultando que a Intervención emite informe de data 21 de setembro de 2023, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas



bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 06/2023.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e cos votos en contra do PSdeG-PSOE:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de modificación de crédito número 06/2023 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.06/23) por importe de 28.283,45 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

### 1. Créditos Extraordinarios “EXT. 06/23”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9420-762,06	<b>A CONCELLOS_ ARBO, PARA INVESTIMENTOS – COOPERACIÓN</b> (Subvención Nominativa para afrontar o cofinanciamento do concello ao investimento: “Reparación da rede de pluviais danada a causa do incendio forestal acaecido o día 30 de xullo de 2022 no entorno do parque empresarial de Arbo”)	28.283,45 €
	<b>SUMA...</b>	<b>28.283,45 €</b>

### Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 06/23:

O expediente de créditos extraordinarios, finánciase na súa totalidade con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios	28.283,45 €
	<b>Total ingresos...</b>	<b>28.283,45 €</b>

### Resumo do expediente:

<b>TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...</b>	<b>28.283,45 €</b>
<b>SUMA...</b>	<b>28.283,45 €</b>





## O resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS</b>	
Capítulo 1º Impostos directos.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
<b>INGRESOS NON FINANCEIROS...</b>	<b>0,00 €</b>
Capítulo 8º Activos financeiros.	28.283,45 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
<b>INGRESOS FINANCEIROS...</b>	<b>28.283,45 €</b>
<b>TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...</b>	<b>28.283,45 €</b>
<b>ORZAMENTO DE GASTOS.</b>	
Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	0,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	28.283,45 €
<b>GATOS NON FINANCEIROS...</b>	<b>28.283,45 €</b>
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
<b>GASTOS FINANCEIROS...</b>	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...</b>	<b>28.283,45 €</b>

Este expediente tramítase de forma excepcional coa finalidade de que o Concello de Arbo poida afrontar o cofinanciamento do proxecto sinalado, para o cal, a Secretaría de Estado de Política Territorial mediante resolución de 16 de xuño de 2023, acorda a asignación das subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria provincial e insular, previstas no acordo do Consello de Ministros de 23 de agosto de 2022, no que se declara zona gravemente afectada por unha emerxencia de protección civil o territorio afectado como consecuencia de incendios forestais acontecidos durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2022; ao Concello de Arbo se lle outorgaron 28.283,44 €, sobre un orzamento de 56.566,89 € co obxecto do financiamento da actuación “Reparación da rede de pluviais danada a causa do incendio forestal acaecido o día 30 de xullo de 2022 no entorno do parque empresarial de Arbo”, debendo, polo tanto, financiar a entidade municipal 28.283,45 €.

Dada a urxencia do investimento e co fin de facilitar ao concello o cumprimento da finalidade proposta, debido á falta de recursos económicos suficientes para



afrontar o cofinanciamento, a Deputación propón o outorgamento dunha subvención nominativa con consignación orzamentaria. Mais, o importe da subvención concedida se lle detraerá ao Concello de Arbo da cantidade que lle poida corresponder no futuro Plan de Obras e Servizos Municipais para o exercicio 2024.

## 2. Modificación do Anexo II das bases de execución, modificando e engadindo como subvencións nominativas, as seguintes:

942- COOPERACIÓN			
APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
23/942-9420- 762,06	A CONCELLOS_ ARBO, PARA INVESTIMENTOS _ COOPERACIÓN	28.283,45 €	SUBVENCIÓN NOMINATIVA
P3600100F	CONCELLO DE ARBO	28.283,45 €	Reparación da rede de pluviais danada a causa do incendio forestal acaecido o día 30 de xullo de 2022 no entorno do parque empresarial de Arbo.

**Segundo:** Este expediente de modificación de créditos número 06/2023 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.06/23), por importe de 28.283,45 euros, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 06/2023, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularen reclamacións contra o mesmo.

### 3.8051.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 (PON2030) (EXPTES. 2023010533-2023060487)



Sr. Presidente.- Ben, iniciamos o debate entón do terceiro punto da orde do día. Ten a palabra o Voceiro Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 6 de marzo de 2023 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións singulares para a execución da Axenda 2030, coñecido como Programa PON2030, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a ela. Na base V, relativa ao financiamento e contía das subvencións estipúlanse as achegas mínimas dos respectivos concellos segundo a súa poboación e a tipoloxía dos correspondentes proxectos. Estando todos os concellos obrigados a realizar unha achega económica mínima que oscila entre un 10 e un 35% do orzamento do investimento. Ante ese esforzo económico que deben realizar os concellos considérase que segundo a base vixésima se prexudican a aqueles concellos que reciban financiamento externo das administracións autonómicas ou estatal fronte aos que reciban da Unión Europea. Xa que nos primeiros casos se reducirán proporcionalmente as achegas do concello e da deputación, e nos segundos a axuda exterior reverte no 100% na achega municipal. Para elo, co propósito de favorecer economicamente aos concellos, independentemente da procedencia da axuda, propónse unha modificación parcial das bases do Programa PON2030, cunha nova redacción da base vixésima. En conclusión, propónse a modificación da base vixésima das bases reguladoras que quedaría do seguinte xeito: As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Diputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas illadamente ou en concorrencia con outras subvencións non supere o custo da actividade subvencionada. Para estes efectos en conformidade co disposto no artigo 4.1.b) da Lei Xeral de Subvencións, e no artigo 33 do Regulamento Xeral de Subvencións, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas. No caso de que se obteña financiamento adicional este considerárase que reverte no 100% da achega municipal. De seguir existindo exceso de financiamento destinarase á minoración da achega da Diputación. Gracias Sr. Presidente.



Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista, César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Vamos a ver, este é un tema nada baladí, é un tema extraordinariamente conflitivo, aínda que aparentemente poida parecer que é algo rutinario. Eu acórdome, aquí cando no POS, en todos os plans obrigatoriamente os concellos tiñan que poñer unha parte, obrigatoriamente, e non valían subvencións doutro tipo, e o razonamento creo que era correcto, que era, se un concello non é capaz a aportar ese 20%, 10 ou o que sexa, malamente vai ser capaz despois a sostelo, polo tanto, non ten, é saír do paso e demais. Bueno, a man abreuse, a man abreuse despois, foise abrindo, foise abrindo cando desapareceu o POS con financiamento directo do Estado e pois temos agora bastantes situacións nas que nos topamos con, bueno, pois podemos falar de piscinas, podemos falar doutro tipo de dotacións que realmente están creando graves problemas para eso. Ben, este PON2030 foi deseñado, hai un dobre deseño, por un lado está o Plan de Obras e Servizos, que se entende que é para obras ordinarias, actuacións ordinarias, nas que os concellos non poñen nada, vale; e despois hai as actuacións excepcionais as que se entende que os concellos polos seus recursos non poden afrontar entóns excepcionalmente se fai, pero se é unha obra excepcional que non pode con ela o lóxico é que aporte, demostre que ten esa capacidade para aportar a ela. Ben, ¿por que se fixo a excepción?, porque realmente o que se está excepcionando, fíxose unha excepción que foi a dos fondos europeos, ¿por que?, pero, repito, é unha excepción, ¿por que?, porque hai cantidade de fondos europeos e polo tanto que a provincia fixera un esforzo, que os concellos fixeran un esforzo en pedilos, fíxose por eso, senón o criterio sería para ningún. Fíxose esa excepción e agora a excepción estendese a todo. Bueno, pero á parte está, eu creo que non ten sentido, francamente, non ten ningún sentido, os concellos xa teñen consignado eso e xa vemos despois, como apunta antes o de Arbo, resulta que concellos que 28.000€ é unha auténtica traxedia. Bueno, así os concellos non poden funcionar, non se pode, ningunha administración pode funcionar así. Despois non hai, non hai capacidade, ¿verdade?, de facelo, e facemos pa diante e despois hai os problemas que hai, que bueno, que todos, ¿non?, aquí hai xente, bueno, todos estamos nos concellos e sabemos as consecuencias, as consecuencias que ten. A min paréceme un precedente perigosísimo, creo que se un quere unha obra excepcional, que é a que se fai no 2030, ou se fixeron noutros, no Reacon, etc., se é excepcional é excepcional e hai que ter certa capacidade para rascarse o bolsillo e aportar algo, que son cantidades bastante pequenas, por outro lado, bastante pequenas, o 10, o



35 é ós concellos entre 20 e 50.000 para certo tipo de actuacións, non é para os concellos pequenos, porque senón aí de fondo hai unha incapacidade dos concellos para despois sostelo. Por eso, francamente, creo que é unha medida desafortunada, abreuse a porta coa excepción dos fondos europeos, que o discutimos moito, aí tiven participación directa e máis discutimos moito, pois vale, pola situación que se dá agora cos Next Generation e demais, senón de ningunha maneira e agora se convirten nun trágala para absolutamente todos. Eu creo que non é correcto non é procedente nin estimula que os concellos pois fagan unha planificación seria e sepan o que teñen, e bueno, a ver se cae, a ver se cae por aí algún tipo de fondos. En esto vamos a votar en contra, xa sei que parece moi neutro pero de neutro non ten nada, e supoño que co tempo vamos a ver as consecuencias destas decisións.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra o Voceiro do Grupo Provincial do Partido Socialista D. Carlos López Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidente. En función de lo que dijo en el último momento y como quiera que el buen tono debe de imperar, y equivocaciones las cometemos todos, Presidente, yo quiero que se retracte usted de lo que acaba de decir, porque esta es una foto de la alcaldesa de Mos con la Presidenta anterior, hay más fotos, y el Sr. Cubela debería de tener un poquito de memoria para cuando afirma categóricamente, cuando afirma categóricamente, que la Presidenta no visitó su concello. Mentir así es muy malo Sr. Cubela, muy malo, Sr. Cubela, el mentir de esta manera, porque, no, contésteme lo que quiera, lo que pasa que no se pueden hacer este tipo de afirmaciones. Por lo tanto, miren, era complicado, en función de lo que ustedes dijeron el otro día, venir con un book destes de fotos de todos los concellos, pero esta es la realidad, y por lo tanto, a ver, critiquen políticamente lo que quieran, pero hombre, no caigan, permítanme de forma cariñosa, en el ridículo de decir que la Presidenta, la anterior Presidenta, vamos, no fue a su concello porque hay testimonios gráficos. Entonces, yo agradecía, por el buen tono, que yo soy muy partidario de él, de que se retracten de cosas que dicen.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Font. Ten a palabra o Voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben, a verdade llo digo sen ningún tipo de sarcasmo nin ironía hacia o Voceiro do Bloque Nacionalista Galego, sorpréndeme o voto en



contra do BNG, de verdade, pensei que ían a votar a favor. Os separeo neste Pleno do discurso que está mantendo de radicalidade o Partido Socialista. Creo Sr. Mosquera que vostede é unha persoa coa que se pode negociar, co que se poden chegar a acordos, e que podía entender a situación da modificación destas bases, que adolece nada máis que a tratar por igual todas as achegas económicas que con xestión ou en concorrencia competitiva poidan facer os concellos para minorar a súa aportación ao POM2030, ¿por que as da Comunidade Europea si e as Autonómicas non?, porque non queren ver un letreiro da Xunta de Galicia ao lado dun letreiro da Diputación de Pontevedra, ¿é por iso? Aquí o que estamos é a facilitar recursos para os concellos e que poidan aforrar a través da súa xestión fondos propios para dedicalos a outras cousas complementarias ou distintas e que poidan executar este proxecto que, recordo, o Grupo Provincial do Partido Popular na oposición votou a favor en todos os puntos cando se trouxo a Pleno para que saíra adiante por unanimidade. Polo tanto, sorpréndeme. Sobre os esforzos dialécticos do Portavoz do Partido Socialista imos a despachalos a continuación. Miren, a estas alturas da vida no que todos temos certa experiencia política temos que saber definir o que é unha reunión institucional para tratar asuntos propios de cada concello cos lexítimos representantes dos municipios, que son os alcaldes e as alcaldesas, con visitas a actos da Diputación aos concellos respectivos onde se celebraban. Jorge Cubela, Luis López e unha decena de alcaldes non foron recibidos, nin foron atendidos pola Presidenta da Diputación Socialista en 8 anos para falar das necesidades dos seus concellos. Porque vostedes descoñecen a realidade do mundo da provincia de Pontevedra, foron uns advenedizos e quixeron tratar á Diputación como se fora un gran ministerio onde nada chega ás portas dos despachos das autoridades políticas para darlles solución. Miren, ¿vostedes saben e así o plantexamos que hai moitos núcleos de poboación onde non accede unha ambulancia ou un vehículo de emerxencias ás portas das casas? ¿hai algún plan ou houbo algunha solución na que os alcaldes puideran explicar eso á Presidenta da Deputación?, ¿vostedes saben que no rural da provincia de Pontevedra hai veciños que se levantan ás 6 da mañán para ir aos mananciales e aos depósitos de augas a abrir a recuperación da capacidade da infraestrutura que surtida durante a noite poden tela os veciños durante o día? Vostedes eliminaron a capacidade que tiñan os colectivos e as asociacións, as comunidades de usuarios de augas para ter recursos da Diputación con achegas e subvencións para tratar de axudar nesas problemáticas. Vostedes descoñecen a día de hoxe para o que sirve a Diputación e nós por eso traemos a modificación destas bases. Se hai un concello, sexa quen sexa, que reciba unha



achega da Xunta de Galicia, vamos a porlle nomes propios ás cousas, poida minorar a cantidade da súa aportación municipal a este plan Sr. Font.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Creo que o expliquei ben, se non quixo enténdelo é cousa, pero bueno, se cadra intenteino explicar ben e non me fixen entender. Vamos a ver, estamos falando de actuacións singulares, actuacións extraordinarias, extraordinarias, que supoñen despois un gasto de sostemento e que supoñen que o concello non pode afrontalo, cos recursos ordinarios incluído o POS da Deputación e que despois hai que sostelo. Ben, entón hai que aportar unha cantidade, en vez de ter que aportar o 100%, que non pode, que aporte o 10, o 20 ou o que sexa, vale, eso é o que está nas bases; e, repito, porque o da Unión Europea, expliqueino antes, porque hai unha serie de fondos e hai que estimular que os concellos pidan eses fondos incluso para que teñan máis execución e non se perdan eses cartos. Home, se resulta que a Xunta é tan xenerosa que lle vai dar subvencións a todos os concellos en concorrencia competitiva, valorados, non sei que, e non por entrada de rexistro preavisado, pois que fagan outras cousas, que fagan outras cousas, estamos falando do chocolate del loro, estamos falando do 10 ou 20% da obra, e non estamos falando da obra en si, que fagan outras cousas, vostede mesmo di que hai unha cantidade de necesidades enormes, pois mire, que fagan esas necesidades, mire, non hai ningún problema, absolutamente ningún problema. Agora, crear a cultura de que é todo gratis, vale, se consigo de aquí e de alá, en cousas, repito, actuacións potentes e excepcionais creo que é negativo. E, de todas maneiras, unha reflexión, quero facer unha reflexión, a min paréceme moi ben que ustedes digan aquí que con nós se pode negociar, que somos razonabeis, agora, por se acaso, o que están demolendo é todas as aportacións nosas, estanas derruindo todas, sexan as bases obxectivas nos plans, sexa algunha dirección profesional no Museo, etc., etc., curiosamente, curiosamente, e despois nos veñen coa retahíla de que somos moi sensatos e que se pode negociar con nós, pero parece que negociar con nós é darnos patada na canilla a todo o que fixemos e a todo o que logramos aquí cambiar, incluso saltándose cousas, agora están, insinúa que van a recuperar o plan de acción caciquil, xa pactara eu con Louzán, ¡eh!, suprimilo, suprimiuo Louzán, no suprimimos nós, e agora están pensando en recuperalo, ou sea, estanse cargando todos os avances que aquí pois na oposición ou no goberno, ustedes nos atribúen, e se pode negociar con nós, os están cargando, xa





vale, ¡eh!, xa vale, de poñernos de tontos, ¡eh!, que algo desto sabemos de que vai o asunto, ¡eh!.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra o voceiro D. Carlos López Font.

Sr. López Font.- De olfato político anda mal Sr. Cubela, porque me bota una bronca en relación con esto, con el agua, con no sé qué, traiga mociones cuando quiera, hablamos de aspectos determinados que no sé qué, me echa una bronca tremenda, pero si vamos a votar a favor, fíjese si se equivoca, si vamos a votar a favor tranquilamente, no se preocupe. Y tampoco se preocupen porque crea que porque alague al Sr. Mosquera y le coloque en el lado de los buenos y me coloque a mí en el lado de los malos, me voy a enfadar, para nada. El Sr. Mosquera tiene constatada su capacidad de negociación, tiene constatada su capacidad de gestión durante 8 años como Vicepresidente de esta casa, pero permítamelo también reivindicarme en el sentido de que soy también una persona que llega a acuerdos. Y represento a un grupo político que llega a acuerdos, acuerdos con usted, acuerdos con usted, cuando acordamos las dedicaciones que tuvo su grupo y el personal eventual que tuvo su grupo, acuerdos con usted. Lo que propuso al gobierno de Carmela Silva para que parte de la bancada que usted representa pudiera dedicarse a la tarea de hacer oposición, este que suscribe y otros compañeros más, aceptamos y votamos aquí a favor de dedicaciones exclusivas, parciales, hicieron ustedes lo que quisieron con esas dedicaciones; usted no puede decir hoy lo mismo, no puede decir lo mismo, porque me llamó para decirme que si no aceptaba determinada cuestión dedicaciones cero, personal eventual cero. Hay una diferencia entre usted y yo, como negociadores, por lo tanto no me quiera colocar, bueno, me da lo mismo, ¡eh!, que me coloque en el lado de los malos, pero claro, gracias a lo democráticos que somos algunos durante 8 años el Partido Popular ha tenido dedicaciones para poder ejercitar la oposición, y aquí están estos 9 diputados sin poder dedicarse a la tarea tan noble como es la de la oposición. Vayamos al tema de las reuniones institucionales. ¿Usted era alcalde de Cerdedo-Cotobade el 29 de julio del 2015? ¿Usted vino aquí a la reunión 12 días después de que Carmela Silva fuera Presidenta de la Diputación a una reunión en la que se anunció que todos los concellos iban a ser iguales? ¿Era usted alcalde aquel día? Pero cómo que no fue recibido, pero cómo que no fue recibido, no fue recibido, cuándo la Presidenta o el Presidente citan, bueno, este Presidente no lo ha hecho, ¿cuándo la Presidenta o el Presidente citan a todos los alcaldes aquí no



son recibidos? Hágaselo ver Sr. Cubela, lo que pasa es que cuando usted venía a las reuniones de todos los Presidentes no abría la boca.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Font. Ten a palabra o voceiro D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Expresidenta Sr. Font. Imos a ver, aínda que vostedes califiquen ou pensen que os concellos pequenos poidan ser paraísos fiscais, uns parásitos, uns insolventes, nos cremos na autonomía municipal, cremos que é importante defender a xestión dos concellos, e chamarlle ás cousas polo seu nome. Aquí hai que tratar a todas as administracións por iguais, se algo vai a defender e a significar o goberno da Diputación que preside Luis López vai ser voltar ao camiño da cooperación interadministrativa e á lealdade institucional con todas as administracións. Nós non imos a permitir que se desterre que unha administración igual de competente que a Diputación poida darlle recursos aos concellos para aportar a plans, a convenios ou a proxectos de distinta índole. Si, Sr. Font, vostede e llo digo que votamos a favor destas bases, nós agora gobernamos, porque gobernamos nós, porque os veciños nos puxeron a chaqueta de goberno, porque interpretamos que estas bases eran mellorables, e non o quixen poñer na bancada dos duros, difíciles e cos que non se pode chegar a negociación. Cando a vostedes lles interesou chegaron a pactos con nós, porque o 90% das propostas que fixemos en Pleno durante o pasado mandato votaron en contra. Este grupo, que é un grupo de goberno, que é un partido de goberno en todas as institucións nas que está presente forme parte da bancada do goberno ou da oposición, trata de traballar para os cidadáns, para os territorios e para as entidades locais que conforman todo o sector público da provincia. Por iso votamos a favor deste plan, que ..., do cal podíamos dicir moitas cousas, pero votamos a favor, e agora por iso, felicitoos por votar a favor desta proposta, sin dúbida, como a todo, hai o correspondente debate político que debe quedar aí.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas Sr. Cubela, vamos proceder entón á votación deste punto da orde do día, o punto número 3. ¿Votos a favor da modificación das bases reguladoras do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 (PON2030)? ¿Abstencións? ¿En contra? Sae aprobado por unha maioría de 23 votos a favor

## ANTECEDENTES

Primeiro. O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día



6 de marzo de 2023, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, do 7 de marzo de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo. Na base vixésima, relativa á compatibilidade, indícase o seguinte:

“As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do RLGS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

No caso de que se obteña financiamento adicional da Unión Europea, este considerarase que reverte no 100% da achega municipal. De seguir existindo exceso de financiamento destinarase a minoración da achega da Deputación.

No caso de obterse subvencións doutras administracións, reduciranse proporcionalmente as achegas do Concello e da Deputación.”

Terceiro. Na base quinta, relativa ao financiamento e contía das subvencións, estipúlense as achegas mínimas dos respectivos concellos segundo a súa poboación e a tipoloxía dos correspondentes proxectos, estando todos os concellos obrigados a realizar unha achega económica mínima que oscila entre un 10% e un 35% do orzamento do investimento.

Ante ese esforzo económico que deben realizar os concellos considérase que, segundo a citada base vixésima, se prexudican a aqueles concellos que reciban financiamento externo das administracións autonómicas ou estatal fronte aos que a reciban da Unión Europea, xa que nos primeiros casos se reducirán proporcionalmente as achegas do Concello e da Deputación, e nos segundos a axuda exterior reverte no 100% da achega municipal.

Para elo, co propósito de favorecer economicamente aos concellos, independentemente da procedencia da axuda, propónse unha modificación



parcial das bases do Programa PON2030, cunha nova redacción da base vixésima.

Cuarto. Na data 14/09/2023 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe favorable e o 19/09/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable.

Quinto. Na data 22/09/2023 someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro. Para permitirles aos concellos a transformación necesaria para afrontar os tempos que veñen avanzando no cumprimento dos obxectivos da Axenda 2030, tendo en conta a singular forma histórica de ocupar o territorio da poboación da provincia e sendo por iso un alicerce básico a necesaria cohesión territorial, confeccionáronse as Bases reguladoras do Programa PON2030.

Ao mesmo tempo, estas bases, dada a súa natureza de ferramenta de asistencia e cooperación económica coas entidades locais da provincia, teñen o carácter de normativa propia que se lles atribúe aos plans de cooperación, en virtude da disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

O programa deseñouse para dar cumprimento a dúas finalidades complementarias entre si:

- Proporcionarlles aos concellos da provincia de infraestruturas e dotacións de carácter singular, é dicir, que dificilmente poderían afrontar con fondos propios ou co Plan Concellos.
- Avanzar na consecución dos obxectivos 2030 e nas liñas mestras definidas para os fondos Next Generation.

Segundo. Co obxectivo de demostrar aínda unha maior cooperación económica cos concellos por parte da Deputación, e para favorecer ás distintas arcas municipais a obtención doutras axudas relativas aos investimentos do Programa



PON2030, non discriminando se a axuda é da Unión Europea ou doutras administracións, ou se se reducen proporcionalmente as achegas do Concello e da Deputación, ou se reverte no 100% da achega municipal, procede a modificación da redacción da base vixésima.

Terceiro. Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A modificación supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Programa por parte dos concellos, sendo posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas e cumpre coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no BOPPO.

Cuarto. Para a modificación das bases, de conformidade co disposto na base Segunda do Programa PON2030, en virtude da disposición adicional oitava da LXS, rexerá o establecido nas súas propias bases, sendo de aplicación supletoria o establecido na LXS, é dicir, que en virtude do disposto na base Terceira será o Pleno o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

## CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes e das consideracións xurídicas expostas, propónse a modificación da base vixésima das Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, de maneira que quede redactada co seguinte teor literal:

“As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada.



Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do RLGS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

No caso de que se obteña financiamento adicional, este considerarase que reverte no 100% da achega municipal. De seguir existindo exceso de financiamento destinarase á minoración da achega da Deputación.”

De acordo cos antecedentes e as consideracións xurídicas, xunto á conclusión, e vistos os informes da xefa do Servizo de Cooperación de 14/09/2023 (CSV: UOOIFB6TLCACIZT0), da Intervención de 19/09/2023 (CSV: 19FN3SS2LM96VGK5) e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 22/09/2023 (CSV: DY5TK8DK2JVX0FHQ), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e cos votos en contra do BNG:

- Aprobar a modificación das Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030 da maneira que a base vixésima queda redactada co seguinte texto:

“As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do RLGS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

No caso de que se obteña financiamento adicional, este considerarase que reverte no 100% da achega municipal. De seguir existindo exceso de financiamento destinarase á minoración da achega da Deputación.”

- Ordenar a publicación deste acordo no BOPPO e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

#### 4.8052.- **APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO PROCEDIMENTO DE VENDA DE EMBRIÓNS POLA**



## **FINCA MOURISCAD E OUTRAS PRESTACIÓNS DE CARÁCTER ACCESORIO (EXPTE. 2023031801)**

Sr. Presidente.- Cuarto punto da orde do día. Aprobación inicial do Regulamento do procedemento de venda de embrións pola de Finca Mouriscade e outras prestacións de carácter accesorio. Ten a palabra o Voceiro do Partido Popular Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Un dos obxectivos da Finca de Mouriscade é mellorar a calidade xenética do gando e eficiencia das explotacións gandeiras da provincia a través das biotecnoloxías reprodutivas. Así ten un servizo de transferencia de embrións mediante a súa produción a partir de exemplares elite, presentes na propia granxa, que poden ser adquiridos e implantados nas explotacións gandeiras da provincia que así o requiran. O programa de mellora xenética ten como finalidade mellorar as condicións do sector primario provincial e facer explotacións cada vez máis eficientes, o que axuda a fixar poboación no rural. Este programa préstase dende hai moitos anos polo que existe unha estreita relación entre gandeiros, cooperativas e empresas do sector na provincia; o que permite anticipar e adaptar o programa ás cambiantes necesidades do sector. A Diputación de Pontevedra ostenta competencia propia sobre a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Co fin de garantir a transparencia e igualdade de acceso á compra por parte dos e das gandeiras e á vez evitar os posibles actos fraudulentos, desenvólvese este regulamento, co obxecto de rexer o sistema de reserva e compra dos embrións, con referencia ao cadro de tarifas e réxime de pagamento establecido no correspondente acordo regulador do prezo público. Debido ao carácter profesional das persoas ou entidades beneficiarias deste servizo, que se limita ás explotacións gandeiras, o sistema de reserva e compra dos embrións configúrase como un procedemento de rexistro previo electrónico. Para a elaboración deste regulamento realizouse unha consulta previa podéndose facer suxestións a través dun formulario web, no cal non se recibiron propostas a esta consulta. Vista a documentación que figura no expediente entre a que se encontran os informes da Xefe de Servizo de Medio Ambiente, da Secretaría Xeral, do Servizo de Igualdade e da Dilixencia de Intervención, así como considerando o disposto na lexislación vixente, e visto o ditame da Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do pasado venres, no que se ditamina favorablemente cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do Partido Popular, do Partido Socialista e





abstencións dos deputados do BNG, propónse ao Pleno da Deputación Provincial a adopción do seguinte acordo: Aprobar inicialmente o Regulamento para a prestación do servizo de venda de embrións bovino pola Finca Mouriscade e outras prestacións de carácter accesorio. Gracias Sr. Presidente.

Sr. Presidente.- Moi ben. Moitas gracias Sr. Jorge. Ten a palabra –sígueme aparecendo aquí no teu sitio Ana Laura Iglesias González-, eso está ben. Ten a palabra a deputada Ana Iglesias.

Sra. Iglesias González.- Gracias Presidente. Moi bo día a todas e a todos. Dende o primeiro momento no que o anterior goberno da Deputación tomamos posesión tiñamos claro que un dos nosos obxectivos tiña que ser mellorar todas e cada unha das áreas desta administración. Por iso quería comezar recordando como nos atopamos a Finca de Mouriscade cando chegamos; o nivel de deterioro dese centro e o desánimo entre o seu persoal eran totais, nada que ver coa situación que se vive hoxe en día. Nestes últimos anos reorientamos completamente o sentido da Finca de Mouriscade, non só recuperando a actividade científica, situándoa entre as 12 mellores gandeirías do Estado en avaliación xenética. Tamén melloramos enormemente as instalacións, tanto os propios edificios como a compra de maquinaria e material e demos pasos para a mellora xenética coa adquisición de embrións de alta calidade. Unha mellora que tivo como último paso a recente estrea do laboratorio móbil atendendo a unha demanda histórica do sector da nosa provincia. Hoxe neste Pleno aprobamos o regulamento para a venda de embrións co que se culmina todo este intenso traballo desenvolto polo anterior goberno provincial para mellorar, como dicía, tanto as instalacións como as condicións do persoal. Tamén no ámbito regulatorio, para garantir a obxectividade e a transparencia na venda destes embrións, como todo o que fixo a Deputación no anterior mandato, a obxectividade, a regulación e a transparencia son parte fundamental. Este regulamento en suma é outra das herdanzas que lle deixamos a vostedes, deixando tamén en Mouriscade un legado en favor desta provincia. E finalizo agardando que estean vostedes á altura do extraordinario traballo que herdan e que non volvan ás antigas prácticas da desregularización e do “ti vai facendo” que nos atopamos no ano 2015, e que continúen, por exemplo, traballando na senda iniciada para lograr tamén a transferencia deste centro de investigación e mellora xenética á Xunta de Galicia, que é a administración que debería estar xestionando un centro destas características e tan vinculado ao sector primario de Galicia. Moitas gracias.



Sr. Presidente.- Moitas gracias. Procedemos á votación deste cuarto punto. Aprobación inicial do Regulamento do procedemento de venda de embrións pola Finca de Mouriscade e outras prestacións de carácter accesorio. ¿Votos a favor? Non habendo abstencións nin votos en contra queda aprobada por unanimidade.

Un dos obxectivos da Finca Mouriscade é mellorar a calidade xenética do gando e a eficiencia das explotacións gandeiras da provincia a través das biotecnoloxías reprodutivas. Así, ten un servizo de transferencia de embrións mediante a súa produción a partir de exemplares “elite” presentes na propia granxa, que poden ser adquiridos e implantados nas explotacións gandeiras da provincia que así o requiran.

O programa de mellora xenética ten como finalidade mellorar as condicións do sector primario provincial e facer explotacións cada vez máis eficientes, o que axuda a fixar poboación no rural. Este programa préstase desde hai moitos anos, polo que existe unha estreita relación entre gandeiras, gandeiros, cooperativas e empresas do sector na provincia, o que permite anticipar e adaptar o programa ás cambiantes necesidades do sector.

A Deputación de Pontevedra ostenta a competencia propia sobre a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito, segundo o disposto no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

No artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establécese que as entidades locais poderán aprobar ordenanzas e regulamentos que en ningún caso conterán preceptos opostos ás leis.

Tendo en conta o anteriormente exposto, a fin de garantir a transparencia e a igualdade de acceso á compra por parte das e dos gandeiros e, á vez, evitar os posibles actos fraudulentos, desenvólvese o seguinte regulamento, co obxecto de rexer o sistema de reserva e compra dos embrións, con referencia ao cadro de tarifas e réxime de pagamento establecido no correspondente acordo regulador do prezo público.



Debido ao carácter profesional das persoas ou entidades beneficiarias deste servizo, que se limita ás explotacións gandeiras, o sistema de reserva e compra dos embrións configúrase como un procedemento de rexistro previo electrónico.

Para a elaboración deste regulamento realizouse unha consulta previa tal como se establece no art. 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, podéndose facer suxestións a través dun formulario web, no cal non se recibiron propostas a esta consulta.

Vista a documentación que figura no expediente entre a que se encontran os informes da xefa do Servizo Medio Ambiente, do 06/09/2023, da Secretaría Xeral, do 15/09/2023, do Servizo de Igualdade de 18/09/2023 e da dilixencia de Intervención do 18/09/2023, e considerando o disposto na lexislación vixente.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do día 22 de setembro de 2023, o Pleno acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento para a prestación do servizo de venda de embrións bovino pola Finca Mouriscade e outras prestacións de carácter accesorio, co seguinte teor literal:

“Proxecto de regulamento para a prestación do servizo de venda de embrións bovinos pola Finca Mouriscade e outras prestacións de carácter accesorio. A Finca Mouriscade conta cunha granxa experimental en selección xenética na que se procura a eficiencia produtiva das explotacións gandeiras da provincia, á vez que se coida o benestar animal e se respecta o medio.

Un dos obxectivos do centro é mellorar a calidade xenética do gando e a eficiencia das explotacións gandeiras da provincia a través das biotecnoloxías reprodutivas. Así, ten un servizo de transferencia de embrións mediante a súa produción a partir de exemplares “elite” presentes na propia granxa, que poden ser adquiridos e implantados nas explotacións gandeiras da provincia que así o requiran.

O programa de mellora xenética que se desenvolve na Finca Mouriscade ten como finalidade mellorar as condicións do sector primario provincial e facer explotacións cada vez máis eficientes, o que axuda a fixar poboación no rural. Este programa préstase desde hai moitos anos, polo que existe unha estreita relación entre gandeiras, gandeiros, cooperativas e empresas do sector na provincia, o que permite anticipar e adaptar o programa ás cambiantes necesidades do sector.



A irrupción da xenómica nos Estados Unidos e no Canadá en 2009 como valor predictivo dos individuos máis eficientes da raza está a provocar unha rápida aceleración do progreso xenético, o que obriga a incorporar de forma continua xenética nova nas explotacións para evitar a homocigose e así poder manter a variabilidade xenética do rabaño. Por esta razón, os embrións que non teñen demanda por parte das e dos gandeiros da provincia poden quedar almacenados, o que deprecia o seu valor xenético e económico co transcórren dos meses. Por iso, debemos permitir que as e os gandeiros de fóra da provincia teñan acceso a estes embrións para evitar que se perdan os sobrantes e non demandados polas e polos gandeiros da provincia. Sen prexuízo do interese en estenderlles o servizo ás ganderías alleas á provincia, o carácter voluntario do servizo e a configuración das ganderías da provincia como entidades obxectivo deste programa xustifican o tratamento diferenciado e preferente coas e cos gandeiros da provincia de Pontevedra.

A Deputación de Pontevedra ostenta a competencia propia sobre a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito, segundo o disposto no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

No artigo 55 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establécese que as entidades locais poderán aprobar ordenanzas e regulamentos que en ningún caso conterán preceptos opostos ás leis.

Tendo en conta o anteriormente exposto, a fin de garantir a transparencia e a igualdade de acceso á compra por parte das e dos gandeiros e, á vez, evitar os posibles actos fraudulentos, desenvólvese o seguinte regulamento, co obxecto de rexer o sistema de reserva e compra dos embrións, con referencia ao cadro de tarifas e réxime de pagamento establecido no correspondente acordo regulador do prezo público.

Debido ao carácter profesional das persoas ou entidades beneficiarias deste servizo, que se limita ás explotacións gandeiras, o sistema de reserva e compra dos embrións configúrase como un procedemento de rexistro previo electrónico.

Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, e o regulamento respecta o disposto nas normas de rango superior.

En cumprimento do principio de transparencia, segundo o establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), antes de elaborarse o regulamento iniciouse un procedemento de consulta pública a través da páxina web da Deputación de Pontevedra; non obstante, durante o período de consulta non se recibiu ningunha proposta nin suxestión.



A norma, unha vez aprobada segundo o procedemento contido na LRBRL, publicarase na Sección de Transparencia da páxina web da Institución provincial.

#### Artigo 1. Obxecto

1. Este regulamento ten por obxecto fixar as condicións para a prestación do Servizo de venda de embrións bovinos por parte da Finca Mouriscade, que consiste en que as ganderías demandantes poidan adquirir os embrións producidos a partir do rabaño de doantes de Mouriscade a través dun sistema en liña de reserva e compra de embrións.

2. Así mesmo, é obxecto deste regulamento definir o alcance doutras prestacións accesorias, que se recollen a continuación:

- ✓ O servizo de preparación de receptoras consistirá na valoración ecográfica do aparato reprodutivo e na aplicación, nese momento, do protocolo farmacolóxico máis idóneo.
- ✓ O servizo de transferencia de embrións fará a valoración ecográfica das estruturas ováricas da receptora e a transferencia do embrión con todos os produtos farmacéuticos necesarios para levala a cabo.
- ✓ O servizo de preparación da doante consistirá na valoración ecográfica do aparato reprodutivo da doante e na aplicación do protocolo farmacolóxico de superovulación.
- ✓ O servizo de recollida de embrións (flushing) comprenderá a recollida, valoración e envasado dos embrións recollidos da doante; incluírase todo o material necesario.
- ✓ O servizo de conxelación de embrións encargárase do proceso de conxelación de todos aqueles embrións que non foron transferidos en fresco, tras un flushing.
- ✓ O servizo de aspiración transvaxinal de ovocitos (OPU) consistirá en obter mediante unha punción do ovario os ovocitos que madurarán e se fecundarán nun laboratorio externo á Deputación que decida a ou o gandeiro (por cuestións operativas, en cada explotación precisarase un mínimo de tres animais para poder realizarlles a punción).

#### Artigo 2. Ámbito subxectivo

1. Poderán beneficiarse dos servizos previstos no artigo 1 as persoas físicas ou xurídicas titulares, arrendatarias ou que teñan un dereito de explotación e/ou xestión dunha explotación gandeira da provincia de Pontevedra, debidamente inscritas no Rexistro de explotacións gandeiras (REGA) ou CEA, coas limitacións e cos requisitos previstos neste regulamento.

2. As explotacións gandeiras que non sexan da provincia de Pontevedra, inscritas no rexistro de explotacións gandeiras que lles sexa de aplicación, poderán beneficiarse unicamente do Servizo de venda de embrións, coas condicións e co alcance previstos no artigo 10 deste regulamento.

3. O acceso aos servizos previstos neste regulamento esixe inscribir previamente a explotación gandeira no Rexistro de explotacións gandeiras usuarias dos Servizos de venda de embrións e prestacións accesorias da Finca Mouriscade.

#### Artigo 3. Natureza do rexistro



1. O Rexistro de explotacións gandeiras usuarias dos Servizos de venda de embrións e prestacións accesorias da Finca Mouriscade ten carácter administrativo; a inscrición permitirá que as ganderías demandantes poidan adquirir os embrións producidos a partir do rabaño de doantes de Mouriscade.
2. O devandito rexistro queda adscrito ao servizo con competencias en medio ambiente, que será o órgano administrativo encargado de xestionar e tramitar as solicitudes de inscrición, de modificación ou as baixas da inscrición inicial.
3. A inscrición dunha explotación no rexistro non eximirá a persoa titular da súa obriga de estar en posesión de cantas autorizacións sexan necesarias en virtude doutras normas de ámbito municipal, autonómico ou estatal, nin presupón a tenencia destas.

#### Artigo 4. Inscrición no Rexistro

1. O acceso aos servizos previstos neste regulamento esixe inscribir previamente a explotación gandeira no Rexistro de explotacións gandeiras usuarias dos Servizos de venda de embrións e prestacións accesorias da Finca Mouriscade.
2. As solicitudes de inscrición realizaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra e tamén na páxina web de Mouriscade (<https://mouriscade.depo.gal>). A Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de métodos de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).
3. As persoas interesadas poderán actuar por medio dunha ou dun representante, para o que deberán acreditar a súa representación fidedigna por calquera medio válido en dereito, segundo o previsto no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
4. As persoas interesadas deberán indicar na solicitude de inscrición o número de rexistro REGA/CEA (o número de CONAFE será opcional) e a quen autorizan para a xestión da compra de embrións no seu nome.
5. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do procedemento de inscrición será de dous (2) meses; transcorrido este período de tempo sen notificarse unha resolución expresa, a persoa interesada poderá entender como estimada a súa solicitude por silencio administrativo.

#### Artigo 5. Comprobación de datos

Para a tramitación das solicitudes consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas solicitantes.
- NIF das persoas representantes.
- Domicilio fiscal das persoas solicitantes.

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Artigo 6. Documentación



As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude de inscrición a seguinte documentación:

- Documento de acreditación sanitaria do gando bovino ou análogo, expedido pola comunidade autónoma respectiva ou pola Administración pública competente.

Artigo 7. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas  
Se a solicitude non reunise os datos esixidos neste regulamento ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráse que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución, que será ditada nos termos do artigo 21 desta lei.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Na Sede electrónica da Deputación están dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as entidades interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

#### Artigo 8. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.





Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 9. Modificacións de datos ou solicitude de baixas no rexistro

1. As persoas titulares das explotacións inscritas son as responsables de manter actualizados os datos que figuran no Rexistro de explotacións gandeiras usuarias dos servizos de venda de embrións e prestacións accesorias da Finca Mouriscade.

En particular, deberán solicitar a modificación da inscrición nos supostos de cambios de titularidade da explotación ou modificación de datos da persoa titular e, no seu caso, da representante legal.

2. Ademais, as persoas titulares das explotacións inscritas poderán solicitar a baixa no Rexistro de explotacións gandeiras usuarias dos servizos de venda de embrións e prestacións accesorias da Finca Mouriscade.

3. Todas as modificacións da inscrición inicial deberán ser autorizadas para ser efectivas; para iso, as persoas interesadas deberán solicitalas previamente, salvo as de modificación de datos da ou do titular, que se comunicarán tan pronto como se produzan e, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes.

De falecer a persoa titular, as e os herdeiros responsabilizaranse de actualizar os datos de titularidade no prazo máximo de dous (2) meses desde a data de defunción.

4. As solicitudes de baixa serán efectivas desde a súa presentación.

5. Para solicitar modificacións de datos ou baixas das explotacións inscritas no rexistro, as persoas interesadas deberán utilizar o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

#### Artigo 10. Procedemento de venda de embrións

1. Publicación dos cruzamentos dispoñibles:

A partir do momento en que finaliza unha recolecta de embrións, estes, considéranse aptos para transferencia, publicándose na WEB habilitada ao efecto as 10:00 horas do día seguinte, podendo reservalos ás ganderías interesadas.

Antes de publicar na web a dispoñibilidade de novos embrións, as ganderías rexistradas recibirán un aviso por correo electrónico, salvo que comunicaran que non desexan recibilo.

2. Acceso:

O acceso ao procedemento de venda límitase ás persoas usuarias previamente rexistradas, segundo o disposto no artigo de rexistro.

Durante os primeiros catorce (14) días naturais, só poderán acceder á compra as e os gandeiros de Pontevedra.

A partir do día 15, abrírase a venda ás e aos gandeiros de fóra da provincia de Pontevedra.

3. Limitacións

Cada gandeira ou gandeiro poderá adquirir no mesmo día un máximo de dous embrións por recollida. Ao día seguinte, e sempre que haxa dispoñibilidade, poderá volver mercar outros dous embrións por cruzamento, e así sucesivamente.

A reserva será efectiva unha vez realizado o pagamento do prezo segundo os importes e os prazos referidos no acordo regulador do prezo público.

#### Artigo 11. Prestacións accesorias



1. As e os gandeiros da provincia poderán contratar de forma conxunta a compra e a implantación do embrión; neste último caso, incluírase o servizo de transporte, que se efectuará o mesmo día da implantación. Así mesmo, disporán dun máximo de seis (6) meses entre a reserva do embrión e a súa implantación.
2. A solicitude de implantación poderase realizar conxuntamente coa reserva de embrións, ou despois da reserva, nun prazo máximo de trinta (30) días naturais desde a reserva. Neste último suposto, a gandería poderá solicitar o servizo de implantación no prazo máximo de trinta (30) días por correo electrónico, a través do rexistro ou no teléfono do centro.
3. No caso das e dos gandeiros de fóra da provincia e aqueles da provincia que non soliciten o servizo de implantación, o transporte será por conta da ou do comprador e estes disporán dun prazo máximo de trinta (30) días para a súa retirada. A solicitude de retirada do embrión poderá solicitarse no teléfono do centro, por correo electrónico ou a través do rexistro, para o que se indicará unha data que se corresponda cun día hábil. A gandería interesada deberá retiralo o día acordado entre as 9 e as 13 horas.
4. Transcorrido o prazo máximo de trinta (30) días sen realizar a solicitude de implantación (só para gandeiras ou gandeiros da provincia) ou de retirada do embrión (para os de fóra da provincia ou os da provincia que non soliciten o servizo de implantación), ou o prazo máximo de seis (6) meses desde a compra previsto para a implantación (só para as e os gandeiros da provincia que contraten o servizo de implantación), a persoa interesada perderá o dereito a retirar o embrión sen devolución do prezo de compra.
5. Nas restantes prestacións, as e os gandeiros solicitarán, mediante calquera medio, tanto telefónico coma telemático, os restantes servizos prestados (preparación da doante, flushing, preparación de receptoras, servizo de transferencia de embrións ou o servizo de OPU). Así, incluíranse nun rexistro interno e iráselles asignando a data, en función da dispoñibilidade do persoal técnico e da localidade da persoa solicitante, a fin de optimizar os desprazamentos e mellorar a eficiencia do servizo.

#### Artigo 12. Prezos

1. Os prezos de aplicación serán os previstos no acordo regulador do prezo público por prestación do Servizo de venda de embrións e prestacións accesorias, con previsión de prezos diferenciados para gandeiras e gandeiros da provincia ou alleos, así como a fixación de tramos decrecentes segundo o tempo transcorrido desde o inicio do período de venda, que se xustifica pola perda do valor xenético dos embrións co paso do tempo.
2. O sistema de liquidación e réxime de pagamento estableceranse no acordo regulador. Nos supostos nos que así se detalla no acordo a presentación da solicitude de liquidación, ou no seu caso, o pagamento, poderase configurar como requisito para completar o proceso de reserva ou de compra de embrións, ou, no seu caso, das prestacións de carácter accesorio.

#### Artigo 13. Infraccións e sancións

1. Tipifícase como infracción leve o uso dos embrións adquiridos para a súa posterior venda ou cesión pola gandeira ou gandeiro adquirente. Esta actuación sancionárase cunha multa polo importe do embrión de maior prezo de venda previsto no acordo regulador.
2. Para as e os gandeiros da provincia de Pontevedra, cometer esta infracción comportará, así mesmo, a perda do tratamento preferente e diferenciado previsto en canto ao acceso e ás



tarifas para as explotacións da provincia, por un prazo de tres (3) anos desde que se cometa da infracción.

3. Cometer de forma reiterada a infracción tipificada no primeiro parágrafo deste artigo, nos tres (3) anos seguintes, suporá, ademais da sanción económica correspondente, a exclusión do rexistro e perder a posibilidade de acceder ao sistema de venda durante os catro (4) anos posteriores á data da imposición da sanción.

4. Por outra parte, unha vez reservado o embrión por parte da gandería, se esta non realizase o pagamento no prazo de pago fixado no acordo regulador, o embrión volverá estar dispoñible para a súa venda, e a mesma gandería non poderá acceder ao mesmo embrión.

5. De detectarse que algunha gandería non realiza os pagamentos de forma reiterada, tres no mesmo ano, esta non poderá reservar novos embrións durante o ano seguinte.

#### Artigo 14. Protección de datos

1. Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

2. A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

3. Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

4. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.”

Segundo.- Este acordo de aprobación inicial do expediente exporase ó público para os efectos de alegacións e reclamacións, por un período de 30 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán resoltas polo Pleno, incorporándose ao texto do Regulamento das modificacións derivadas da resolución das alegacións. No caso de que non se formulasen alegacións ou reclamacións ó expediente durante o prazo de exposición pública, entenderase definitivamente aprobado.



5.8053.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2802 ACCESO A CALVOS (EXPTE. 2021039804)**

Sr. Presidente.- Logo os puntos 5, 6 e 7 da orde do día son referentes a cambios de titularidade e posterior entrega de varios viais e estradas provinciais a distintos concellos e chegouse a un acordo dos Voceiros dos tres grupos, dun debate conxunto e logo unha votación individualizada e, polo tanto, simplemente vou enumerar o que é o enunciado dos tres puntos da orde do día e abrimos o debate e, insisto, procedemos á votación de xeito individualizado.

Quinto punto do orde do día. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Fornelos de Montes da estrada provincial EP-2802 Acceso a Calvos. Sexto punto da orde do día. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Meis da estrada provincial EP-9401 Travesía de Meis-San Salvador-Enlace coa autovía (AG-41).

E punto número 7 da orde do día. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Pontearreas de dous treitos da estrada provincial EP-4006 Pontearreas-As Neves.

Ten a palabra. ¿Ou xa non hai debate? ... non sei se algún dos Voceiros ... Si, vale, ten a palabra o Deputado Gregorio Agís do Partido Socialista.

Sr. Agís Gómez.- Si, gracias Presidente, gracias a todos. Simplemente comentar que son tres puntos de cambio de titularidade que debeñen de convenios firmados no seu momento cos diferentes concellos, todos estes concellos pois fruto da participación de recibir aos alcaldes e alcaldesas permíteunos desenvolver actuacións importantes nas estradas municipais que deron lugar a transformacións de diferentes entornos, e, dentro deses compromisos, dentro dese traballo conxunto, man a man con alcaldes e alcaldesas, pois se acordou a cesión e o cambio de titularidade destes tramos de estradas provinciais. Simplemente, pois dicir que, bueno, é un traballo colaborativo intenso donde dende o Servizo de Infraestruturas, dende o 2015 chegamos a numerosos acordos que permitiron transformar os viais provinciais da provincia de Pontevedra e que por suposto, Sr. Cubela, resulta de, como vostede ben sabe, de recibir alcaldes, recibir alcaldesas e chegar a solucións conxuntas. Moitas gracias.

Sr. Presidente.- Bueno, moitas grazas Sr. Gregorio. Procedemos entón á votación de xeito individualizado. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello



de Fornelos de Montes da estrada provincial EP-2802 acceso a Calvos. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

Antecedentes:

O Concello de Fornelos de Montes e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 20 de abril de 2023 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “Mellora da mobilidade peonil na EP-2801 Fornelos – Estacas, entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+210”.

Conforme á súa cláusula quinta 4) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello dos seguintes treitos de estradas:

- EP-2802 acceso a Calvos.

O 11 de maio de 2023 os servizos técnicos e o director de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Fornelos de Montes da antedita vía.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RRXFALHN).

2ª Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial da vía obxecto de transferencia en OITOCENTOS NOVENTA E NOVE MIL OITOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS (899.889,00 €) e motívase o cambio de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:



“A estrada provincial EP-2802 acceso a Calvos é unha curta estrada que ten soamente 356 metros de lonxitude, encádrase nun entorno rural con diversos equipamentos e edificacións de uso público como a Igrexa e cemiterio de Santo Adrián de Calvos, un centro cultural e unhas pistas deportivas, servindo esta estrada de acceso ao núcleo poboacional de Calvos.

Esta estrada foi obxecto recentemente, en decembro de 2022, de obras de mellora nas beirarrúas, mediante a súa reposición en formigón xunto con novos bordos, ademais foi instalada unha nova varanda urbana aos efectos de mellorar a seguridade dos peóns e procedeuse ao pintado das farolas de iluminación pública, así, e logo destas melloras e dada conta do uso e funcionalidade considérase que esta estrada ten unha configuración técnica e funcionalidade tipolóxica de vía urbana logo que carece do carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario urbano ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

Por todo o anterior, e logo que con este cambio de titularidade o Concello de Fornelos de Montes poderá garantir un mellor mantemento e explotación desta estrada, de carácter e funcionalidade municipal e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación da mesma á súa realidade funcional, así como para levar un control máis directo sobre ela para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente o seu cambio de titularidade a favor do Concello de Fornelos de Montes de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.”

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

O artigo 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, con acordo das administracións afectadas.

Conforme dispón o artigo 9.6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.

A formalización realizarase mediante acta de entrega subscribida polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De ser o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e



cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Os anteditos informes foron emitidos favorablemente en data 9 e 20 de xuño de 2023 respectivamente.

Polo que antecede, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Fornelos de Montes da estrada provincial EP-2802 acceso a Calvos.

A vía antedita incorporárase á relación de estradas de titularidade do Concello de Fornelos de Montes, tal e como se sinala no artigo 10.6 da LEG.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 do RXEG.





Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello de Fornelos de Montes e a Deputación de Pontevedra.

6.8054.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE MEIS DA ESTRADA PROVINCIAL EP-9401 TRAVESÍA DE MEIS – SAN SALVADOR –ENLACE COA AUTOVÍA (AG-41) (EXPT. 2022008818)**

O debate deste punto prodúcese ó principio do punto 5, conxuntamente cos puntos 5 e 7.

Sr. Presidente.- Sexto punto da orde do día. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Meis da estrada provincial EP-9401 Travesía de Meis-San Salvador, enlace coa autovía. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

Antecedentes:

O Concello de Meis e a Deputación de Pontevedra asinaron o 9 de maio de 2022 un Convenio de colaboración para a execución do “Proxecto de mellora da mobilidade peonil na EP-9401 Travesía de Meis–San Salvador–enlace Autovía (AG-41), do p.q. 0+000 ao p.q. 0+320”.

En data 30 de xuño de 2023 o Concello de Meis presenta un escrito no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº rexistro 2023014477) a través do cal solicita “a transferencia do tramo da estrada EP-9401 da Deputación de Pontevedra, comprendido entre a AG-41 e a EP-9403 (do p.q. 0+000 ao p.q. 0+320), no lugar de Arcos (San Tomé de Nogueira)”, obxecto das obras do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Meis para a execución do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP 9401 Travesía Meis–San Salvador–Enlace autovía (AG-41), do p.q. 0+000 ao p.q. 0+320 (Meis)”.

O 7 de xullo de 2023 os servizos técnicos e o director de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Meis do antedito viario obxecto do convenio (CSV 1VSMGPTGR3M0NGY3).



Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RRXFALHN).

2ª Motivación.

No informe emitido polos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 7 de xullo estímase o valor patrimonial da vía obxecto da presente proposta de cambio de titularidade en SETECENTOS OITENTA E TRES MIL SEISCENTOS ONCE EUROS (783.611,00 €). Motívase o cambio de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinalase que:

“A estrada provincial EP-9401 Travesía de Meis-San Salvador-Enlace coa Autovía (AG-41), é unha estrada de curta lonxitude, pouco mais de 300 metros, que discorre por un ámbito composto por vivendas unifamiliares ailladas e predios de carácter mixto rural – urbano, tendo o seu inicio no entronque do p.q. 1+440 da EP- 9403 Santo Tomé–San Salvador e o seu remate nunha glorieta que serve de enlace coa AG-41 Autovía de O Salnés.

Esta estrada, en execución do antedito proxecto, foi obxecto recentemente dunha profunda reformulación funcional aos efectos de priorizar a seguridade e mobilidade peonil mediante a execución das obras citadas no apartado anterior.

Así pois, unha vez rematadas estas obras, considérase que esta estrada non ten o carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade é totalmente asimilable ao viario urbano de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior.

Esta proposta de cambio de titularidade mantén á vez, o servizo público viario existente e a continuidade dos itinerarios dos que forman parte, logo que se trata da totalidade da estrada provincial EP-9401 Travesía de Meis–San Salvador-Enlace coa Autovía (AG-41), aos efectos de dar cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.



Por todo o anterior, e logo que con este cambio de titularidade o Concello de Meis poderá garantir un mellor mantemento e explotación desta estrada, de carácter e funcionalidade municipal e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación da mesma á súa realidade funcional, así como para levar un control máis directo sobre ela para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, con acordo das administracións afectadas.

Conforme dispón o artigo 9.6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.

A formalización realizarase mediante acta de entrega subscrita polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De ser o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.



Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Os anteditos informes foron emitidos favorablemente en data 1 e 4 de agosto de 2023 respectivamente.

Polo que antecede, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Meis da estrada provincial EP-9401 Travesía de Meis–San Salvador–Enlace coa Autovía (AG-41), dende o p.q. 0+000 ao p.q. 0+320 (Meis).

Dito viario incorpórase á relación de estradas de titularidade do Concello de Meis, tal e como se sinala no artigo 10.6 da LEG.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello de Meis e a Deputación de Pontevedra”.

7.8055.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE PONTEAREAS DE DOUS TREITOS DA ESTRADA PROVINCIAL EP-4006 PONTEAREAS-AS NEVES (EXPTE. 2022063139)**

O debate deste punto prodúcese ó principio do punto 5, conxuntamente cos puntos 5 e 6.

Sr. Presidente.- Sétimo punto da orde do día. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Pontearreas de dous treitos da estrada provincial EP-4006 Pontearreas-As Neves. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Antecedentes:

O Concello de Pontearreas remitiu á Deputación de Pontevedra en data 13 de xullo de 2023 (nº de rexistro WEB2023043590 / CSV:



9N2QEKKXQYCJPNKFKDFQN76R2M) un escrito por medio do cal solicita a transferencia a prol do concello dos seguintes treitos da estrada provincial EP-4006 Pontearreas–As Neves que transcorren polo termo municipal de Pontearreas:

- Treito de 50 metros lineais da EP-4006 Pontearreas–As Neves, entre o PQ 0+000 e 0+050.
- Treito antigo de 323 metros lineais, avda. Sarmiento Rivera, situado no PQ 0+000 da estrada provincial EP-4006 Pontearreas–As Neves.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª Motivación.

O 15 de setembro de 2023 os servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a favor do Concello de Pontearreas (CSV: C7TLV139H569Z5ZI). Neste informe mótivase o cambio de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinaláse que:

“No que respecta ao treito antigo urbano da EP-4006 Pontearreas–As Neves, chamado polo rueiro municipal como avda. Sarmiento Rivera, trátase dun treito que discorre de xeito íntegro por solo coa clasificación urbanística de solo urbano, tendo o seu inicio na avda. Rosalía de Castro ata a rúa Redondela, este treito está integrado na maia urbana do núcleo de Pontearreas, nunha contorna que conta con beirarrúas, edificacións, peches de predios e servizos urbanos, tendo polo tanto, unha configuración física e funcionalidade tipolóxica de vía urbana.

A continuación deste treito antigo urbano, e logo da glorieta existente na confluencia dos viarios provinciais coa rúa Redondela e a rúa Pombas, comeza a traza principal da EP-4006 Pontearreas–As Neves, no que corresponde aos primeiros 50 metros desta estrada, propostos para transferencia, e ao igual que o treito anterior, trátase dun treito de configuración física e



funcionalidade tipolóxica de vía urbana, dotado de beirarrúas, bandas laterais de aparcamento, alumeadado público e os servizos urbanísticos propios dos ámbitos urbanos.

Estas propostas de cambio de titularidade manteñen, á vez, o servizo público viario existente e a continuidade dos itinerarios dos que forman parte, logo que se trata dos primeiros treitos da estrada provincial, aos efectos de dar cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Así pois, dada conta da realidade física actual considérase que estes treitos xa non teñen o carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario urbano ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

Por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello de Pontearreas poderá garantir un mellor mantemento e explotación destes treitos, de carácter e funcionalidade municipal e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación das mesmas a súa realidade funcional, así como para levar un control máis directo sobre elas para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público”.

### 3ª Valor patrimonial das vías obxecto de transferencia.

Os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais estimaron o valor patrimonial das vías obxecto de transferencia (informe de 15 de setembro de 2023 CSV: C1WYC2NNFW9YJ609) segundo se detalla:

“Para o cálculo do Valor Patrimonial pátrese dun Valor de Reemprazamento de km rede de estrada convencional con sección tipo da plataforma de 9 metros de ancho.

Posteriormente aplícanse factores de corrección para adecuarse ao ancho real da sección tipo da plataforma da estrada a valorar e para ter en conta a súa depreciación, segundo o seu estado e considerando se foi obxecto recentemente de actuacións de conservación e mantemento. Finalmente obtense o valor patrimonial segundo a lonxitude da estrada ou treitos de estrada.

En base ao anterior, considérase como valor patrimonial global do treito antigo urbano e do treito inicial do p.q. 0+000 e 0+050, ambos da EP-4006 Pontearreas–As Neves, a cantidade de UN MILLÓN SETENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS TRES EUROS (1.075.203 €)”.

### 4ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Trátase da modificación na titularidade do treito inicial de 50 metros lineais e dun treito antigo (de aproximadamente 323 metros lineais) da estrada provincial EP-4006 Pontearreas–As Neves, de 12.681 metros de lonxitude.



O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.

A formalización realizarase mediante acta de entrega subscripta polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De selo o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4. 1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Os anteditos informes foron emitidos favorablemente en data 18 de setembro de 2023.





Polo indicado e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Ponteareas dos seguintes treitos da estrada provincial EP-4006 Ponteareas–As Neves:

- Treito de 50 metros lineais entre o PQ 0+000 e 0+050.
- Treito antigo de 323 metros lineais, avda. Sarmiento Rivera, situado no PQ 0+000.

Ditos viarios incorpóranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Ponteareas, tal e como se sinala no artigo 10.6 da LEG.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello de Ponteareas e a Deputación de Pontevedra.

8.8056.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO PROVINCIAL AO MANTENIMENTO DO PLAN CONCELLOS E A QUE TODOS OS INVESTIMENTOS EXTRAORDINARIOS PARA EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS MUNICIPAIS DO MANDATO SEXAN REPARTIDOS A TRAVÉS DE PLANS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA CON CRITÉRIOS OBXECTIVOS (EXPTE. 2023060488)**

Sr. Presidente.- Pasamos entón ao punto número 8 da orde do día que é unha Moción do Grupo Provincial do Partido Socialista para instar ao goberno provincial ao mantemento do Plan Concellos e a que todos os investimentos extraordinarios para equipamentos e dotacións municipais do mandato sexan repartidos a través de plans de concorrencia competitiva con criterios obxectivos. Ten a palabra o voceiro Socialista Carlos Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidente de nuevo. Pues en el enunciado que ha hecho el Presidente se resumen de forma muy sencilla lo que planteamos, de forma muy sencilla pero decisiva para los concellos. Hemos hecho a lo largo de la



mañana cada uno nuestro debate y nuestras afirmaciones sobre como entendemos que debe de actuar este gobierno; el Sr. Cubela repite insistentemente lo de intermunicipal, se supone que para todos y en igualdad de condiciones para todos, y entonces, bueno, llega el momento de dejarnos de filosofía, llega el momento de dejarnos de buenismo y llega el momento de decir que es lo que queremos y que es lo que vamos a votar cada uno. El Plan Concellos nace en 2016, en los primeros presupuestos del anterior gobierno, cuando salen estos presupuestos no fue ninguna sorpresa, porque la sorpresa si fue el 29 de julio del 2015, cuando el Sr. Cubela asistió como alcalde a una reunión en la que se anunció un reparto para todos en condiciones igualitarias y, efectivamente, supuso un cambio rotundo para 59 concellos de menos de 50.000 habitantes. El Plan Concellos, aspirina bayer según dice el Sr. Cubela, permitió a todos abordar la relación institucional también con las dos grandes ciudades de la provincia. ¿Por qué presentamos esta moción y por qué un texto tan sencillo? Porque 85 días después los alcaldes y alcaldesas sentados en sus despachos tienen la indefinición de este gobierno, indefinición y preocupación sobre cuál va a ser la actitud que se va a tomar en relación con la fórmula de financiación, por lo tanto, entendemos que aquí nos debemos de pronunciar todos. Hemos detectado que desde que anunciamos esta moción, hemos detectado un nerviosismo en el Partido Popular, y es lógico porque cuando llega la hora de la verdad hay que posicionarse, y cuando después de 85 días, bueno, se sabe que los alcaldes y alcaldesas están inquietos porque no se les ha llamado a esta sala, pues evidentemente, igual se alborotan, los de todos los partidos, ¡eh!, por mucho que les digan a ustedes una u otra cosa. Presentamos la moción y a los dos días, porque no me negarán el recorrido y la trazabilidad de las fechas, a los dos días de presentar nuestra moción los alcaldes y alcaldesas reciben una carta del Sr. Presidente, que en principio podemos calificar como filosófica, y que, bueno, si se me permite, con todo el cariño, en esta carta promete ser boñño, no habla nada del Plan Concellos, no se compromete a nada, ni habla de los tres tramos de población en los que se distribuyeron las ayudas por el Plan Concellos. Bueno, a los dos días de enviar esa carta, seguimos con la cronología, el Presidente anuncia que se va a reunir con los alcaldes y alcaldesas uno a uno. Es muy libre el Presidente de hacer lo que quiera, pero creemos que aquel gobierno, como se encarga de repetir el Sr. Cubela, que se vista por los pies, debe de llamar a todos y decirles cuál va a ser el nuevo enfoque, ese que utilizan para cesar al Director del Museo. Y se deben de atender las peticiones de lo que digan, como se hizo en el año 2015. Bueno, no hay calendario de reuniones, se llevan tres meses sentados aquí, y bueno, la pregunta es muy sencilla, ¿por qué no se hace esa reunión con



todos los alcaldes y alcaldesas?, porque hombre, tienen que permitir que pongamos blanco sobre negro sobre lo que se hizo. El 17 de julio del 2015 Carmela Silva tomó posesión de la Presidencia, el 27 de julio, sólo diez días después se convocó por carta a todos los alcaldes y alcaldesas y vinieron aquí el 29 de julio, sólo doce días después de hacer esa convocatoria, para decir que los concellos iban a tener un trato igualitario y que las 50 líneas de subvención de Louzán se habían terminado. Por lo tanto, yo le quiero preguntar al Sr. López si tiene miedo a convocar a todos los alcaldes, porque hombre, lleva 85 días y creo, en relación con su discurso, si lo merecerían. Gracias.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Font. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. A ver, como sempre hai, todo está trufado, así con matices, e o que sexa, pero esta moción tal como está podíase entender que sobra, porque por concorrencia competitiva e con criterios obxectivos creo que é obriga legal, creo que é obriga legal, polo tanto, e outro que o Plan Concellos se faga tamén cuns criterios claros, bueno, en todo caso a cantidade se pode discutir, si subir o 3%, non subilo ou o que sexa. Pero o resto votar en contra, non o sei, non sei como interpretalo, porque votaron, o PP votou en contra na Comisión, en todo caso pode dicirse, hombre, sobra, en todo caso, ... sobra porque iso é obriga legal e nós vamos a cumprir coa Lei, polo tanto sobra. Non, non, dá a sensación de que é algo extraordinario, é algo extraordinario que parece que lle molesta ou lle, contraría, ¿non?, ao grupo do PP. Creo que non é, en fin non sei como irá hoxe o debate pero é sorprendente, xa digo, en todo caso, se lle poden criticar algo a esta moción é que sobra, quitando o das cantidades, porque o resto, haberá que facelo, desde logo si o que se está, si ten no subconsciente ou consciente o grupo do PP volver a aquilo de libre disposición do Presidente, reparto según cadraba cada vez y ás veces viña en xaneiro, outras veces viña en xullo, outras veces en setembro. Cada vez, viñan, me parece que sería un erro grave e á parte que non creo que hoxe o pudiera pasar ningún, vamos, nin Intervención, nin Secretaría, nin nada que se lle pareza, entonces, teño curiosidade por ver como se desenvolve o debate, vamos a ver.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra o voceiro do Grupo Popular Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben, a verdade que estaba sorprendido porque non sabía se se estaba cuestionando o voto do Partido Popular por parte do Sr. Mosquera



ou se estaba emendando a si mesmo oito anos de discurso por parte do Bloque e do PSdeG con respecto ao Plan Concellos. Que ata onde me lembro dicían de defendían que era unha varita máxica saída da idea deles mesmos, i que non era obriga da Deputación ter o Plan Concellos. Pois miren, si, a Lei de Bases do Réxime Local deixa claro que as diputacións, todas, teñen a obriga de aprobar cada ano un plan propio de cooperación que atenda ás obras e servizos dos concellos, outra cousa é a cuantía. Pero miren, para que queden tranquilos vou ten un detalle con vostedes, perdón Sr. Presidente, voume adiantar, porque parece que non siguen moito a actualidade, dándolles unhas pinceladas do que vai a ser o orzamento e o próximo plan de cooperación, que si vai a cumprir co que pedía o Partido Popular na oposición. Vai ser un plan provincial que reforce os investimentos da Deputación nos 61 municipios da provincia, que reforce as transferencias de fondos a todos os concellos da provincia, i que reforce a colaboración, a comunicación e a cooperación cos 61 concellos e gobernos locais da provincia e o tecido asociativo. Miren, Sr. Font sobre todo, unha vez máis permítame comezar a miña intervención recordándolle o que xa deberían saber, que non están no goberno da Deputación, é duro pero téñeno que saber. O Partido Popular gañou as eleccións, i recórdollo porque parece que aínda non o dan asimilado, e si que o van assimilar os gobernos locais e os integrantes das asociacións da provincia, que van a notar o cambio de talante desta Deputación e do seu Presidente. Unha Deputación que a partir de agora si vai a estar ao carón dos veciños e das veciñas, unha Deputación que se vai a preocupar e atender as necesidades de toda a cidadanía e dos concellos, sen ningún tipo de sectarismo, recuperando a xestión próxima cun Presidente que foi alcalde, estas son as verdadeiras diferencias. Porque veñen aquí a esixir un plan exemplar, obxectivo i transparente, cando deberían saber as cifras coas que contou este Plan Concellos nos últimos anos. Miren, ímonos ao ano 2019, o Plan Concellos tivo unha dotación de 43,4 millóns de euros, unha cifra maior que a orzamentada para os anos 2020, 42,2, 1.200.000 euros menos; para o 2022, 42,5 millóns; y o 2023, 43 millóns de euros. Eso si no ano 23 o orzamento volveu a medrar un pouco, en ano electoral, ata os 44 millóns de euros. Vostedes que reclaman un Plan Concellos como o do anterior goberno, nós dicímoslle que agora si os concellos van a contar con máis recursos, con máis financiación i con máis flexibilidade no Plan Concellos; seguro, ¿por que?, porque imos a analizar e a recoñecer as distintas problemáticas dos distintos concellos das nosas comarcas e da nosa provincia. En definitiva, Sr. Font, ¿sabe o que non imos a reforzar? A falsa obxectividade sobre a que trataron de disfrazar toda a súa acción de goberno a través do Plan Concellos, i polo tanto, moitos que non pisamos o pasillo de



Presidencia en 8 anos, como dixen antes, un pasillo onde non existía nada, un inframundo para os alcaldes, van a volver a pasar e a ser atendidos polo Presidente da Deputación. E, imos a ser nós quen estableza o calendario das reunións, das visitas e sobre todo das achegas que fagan todos os colectivos, todas as entidades, porque esta Diputación volve para gobernar para todos. E por iso imos a votar en contra, porque este goberno está lexitimado para establecer os seus propios criterios con obxectividade, eficacia i eficiencia, para atender máis necesidades, para dar máis recursos i para que os concellos teñan máis comunicación coa Deputación de Pontevedra e co goberno que preside Luis López.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra agora o voceiro do Grupo Socialista D. Carlos Font.

Sr. López Font.- Salvo buenas intenciones Sr. Cubela no ha dicho nada. Dice que va a dar unas pinceladas, dice que se va a tratar a todos iguales, que va haber más recursos, que ya se dará las cifras, que se reunirán como a ustedes les de la gana, me suena al segundo discurso de investidura, no, no, si aquí de lo que se trata, el alcalde o alcaldesa de no sé dónde lo que quiere saber es si va a tener como mínimo las mismas cantidades que tenía en el Plan Concellos. Mire, nosotros nunca dijimos que el Plan Concellos era una barita mágica, nosotros dijimos que el Plan Concellos era un derecho de los concellos, porque, bueno, corrijo un poquito al Sr. Cubela, al Sr. Mosquera, perdón, de que claro esta moción no sobra, esta moción es absolutamente necesaria porque lo que hay es una enmienda a la totalidad de la época del Sr. Louzán. Dice el Sr. Cubela que se va a cumplir con la legalidad, que va haber un plan, pero si esto fue mentira cuando gobernaron ustedes antes de Carmela Silva, esto fue mentira, si, Sr. Cubela, si, y cuándo quiera lo vemos y cuándo quiera vemos que aportaciones tenían unos concellos y que aportaciones de cero tenían otros concellos. ¿Pero cómo es capaz hoy, en setiembre de 2023, negar usted este tema? ¿Qué van a atender a las problemáticas de los concellos? ¿No habrá dicho la frase mal y sería a las problemáticas de los concellos del PP?, ¿no habrá sido eso Sr. Cubela? Porque miren, lo que tienen que hacer es no venir con pinceladas, lo que tienen que hacer es a los alcaldes y alcaldesas que están ahí fuera y que están preparando sus presupuestos para el año 24 que va a hacer esta Diputación, eso es lo que tienen que hacer ustedes. Y mire, si nosotros no estamos en el gobierno, si el que se tiene que dar cuenta que está en el gobierno es usted; si usted tiene la responsabilidad, el Presidente y ustedes como grupo de a 29 de setiembre, que



estamos hoy, de traer aquí lo que piensan hacer. Mire, le voy a decir una cosa, con relación a la Diputación y entiéndanmelo bien, ustedes son unos holgazanes, porque no han hecho absolutamente nada en 85 días y a los alcaldes y alcaldesas les preocupa lo que ustedes hacen, y ustedes tienen un grupo con 7 alcaldes y alcaldesas que también tienen que estar preocupados por esto. Entonces déjeseme de filosofía, de intermunicipal de no sé qué, ¿qué le contamos nosotros como oposición a los alcaldes que están preguntando que va a ocurrir con el Plan Concellos? No, es que el Sr. Cubela habló de la intermunicipalidad, dijo que iba haber más recursos, dijo que se iban atender las problemáticas y al que le cuente eso, al alcalde o alcaldesa de no sé dónde, dirá pues “Madre mía” dile al Sr. Cubela que lo que tiene que hacer es concretar.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Font. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Eu cando estaba escoitando ao Sr. Cubela estaba pensando que claro, como para as deputacións non hai eleccións directas pois non hai campaña electoral, e agora, entonces faise a campaña electoral a posteriori. Porque sumas o que escoitas, á parte de vaguedades, e resulta que vai haber máis cartos para os concellos, máis cartos para as asociacións, máis cartos para non sei que, vai haber, bueno, esto, por exemplo, unha bienal internacional, ¡bah!, catro ou cinco millóns ao ano, para que sea realmente internacional, ¡bah! Vai haber máis cartos para non sei que, vai haber máis cartos para non sei canto, pero de concreto nada, nada de nada de nada, e aquí o que hai é unha moción que xa o dixen antes, que temos as nosas dúbidas si, debería sobrar, debería, pero polo que se ve non sobra, en que non pide nada do outro mundo, ou sea, pide que se manteña o que, vamos, o que foi tan ben acollido e que lle permitiu aos concellos ordenarse e saber con que contaban pa traballar con previsión, etc. Ou sea, que se sube o 3%, bueno, polo que se deduce das palabras do Portavoz do PP, ¡que val!, vai subir un 30 ou un 40, ¡bueno oh!, a onde vamos a parar, un 3, eso nada, eso é, a ver, vímonos arriba e o que faga falta, ¡bueno home!, faltaría máis, ¿non? Francamente, marchó moi, moi preocupado, moi preocupado; marchamos preocupados porque algo non casa, o orzamento da Deputación para o ano que vén pois será máis ou menos, cuarta arriba, cuarta abaixo, un millón arriba un millón abaixo, igual que este ano, máis ou menos, e resulta que, aquí falando nos Plenos ou na prensa, bueno, vai haber cartos para todo o habido e por haber, e máis e máis e máis e máis, o sea que, algo, aí hai gato encerrado, ¡eh!, aí hai gato encerrado. Vamos a ver por onde sale o jato, ¿non?, vamos a ver.



Sr. Presidente.- Ben, moitas grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra o voceiro D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Ben, o primeiro que quero emitir para non confundir aos alcaldes e ás alcaldesas coa mensaxe apocalíptica que transmiten é tranquilidade. Habará diálogo e reunións colectivas e individuais con todo o mundo, cun calendario, cunha planificación e cunha orde, mantendo por suposto reunións con alcaldes, sen importar o partido do que formen parte; pode dicirlllo ao alcalde da capital da provincia, ao Sr. Lores, ou ao Sr. Caballero, alcalde de Vigo, ao que lle tendemos a man para traballar xuntos a prol da cidadanía viguesa. ¡Acougue Sr. Font! Aínda estamos en setembro e non teña ningunha dúbida de que este equipo de goberno leva traballando arreo na confección dos vindeiros orzamentos do exercicio 24 de forma importante i laboriosa. Así que, si reclaman tamén que o Plan Concellos, como lle chamaba o anterior goberno, estea aprobado no mes de novembro, como tiñan vostedes sempre en calendario, primeiro permítanos presentar o documento de orzamento i tamén comunicarllo ás partes que deben sabelo. Polo tanto, tranquilidade, este goberno é un goberno municipalista, con grande representación de alcaldes e alcaldesas, e nin máis nin menos que coa fortuna dunha persoa que mellor pode interpretar as necesidades de todo o conxunto na provincia, porque foi alcalde, porque foi Delegado da Xunta e porque vén e promete accións para favorecer ás entidades territoriais e aos colectivos. Polo tanto, mensaxe de tranquilidade, non se exciten, están nestes momentos lanzando un guante e nós o recolleemos, e xa verá se sobre o que se debateu hoxe e se dixo aquí uns corresponden co que defendían na oposición e os outros poden dicir o mesmo agora que están nela. Máis nada. Gracias Sr. Presidente.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra para o peche do debate D. Carlos López Font.

Sr. López Font.- Recoge el guante y vota en contra. Esto está, esto está muy bien. Pero mire, tiene que reconocer que de tranquilos aquí no salimos en absoluto tranquilos. Esta era una moción muy sencilla, una moción sobre la que ustedes se van a posicionar y van a votar en contra. Hoy es la hora de hacer balance de lo que ha significado el Plan Concellos; aquí muchos compromisos, muchos documentos, mucho mensaje de tranquilidad, pero tienen que reconocer, ¡hombre!, que dentro de dos días, este fin de semana estamos en el mes de





octubre, que van ustedes muy retrasados y que ciertamente, y que ciertamente esto es para crear intranquilidad. Le han sobrado 45 segundos que podía haberlos empleado en darnos las líneas básicas de lo que va a ser su propuesta, pero ya vi que estaba muy incómodo en este tema y quería terminar. Mire, Sr. Cubela, me va a permitir que en este tema tan importante en vez de dirigirme a usted me dirija al Presidente. Mire Presidente, usted tiene fama de boño, tiene fama de boño y de cordial, he comprobado en este tiempo que también tiene otro rasgo, que es consentidor, y a veces se es boño como consecuencia de consentir, y usted va a votar como el resto de sus componentes del grupo, pero su voto tiene una significación especial en este tema, porque usted va a votar en contra de que, llámenle al plan como quieran, que debería de llamarse Plan Concellos, pero su voto de hoy es muy significativo de lo que quiere hacer este gobierno. Y, por lo tanto, la cordialidad está muy bien pero políticamente hay que posicionarse y nosotros de aquí salimos sin saber lo que se va a hacer ni en donde están ustedes.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Font, non se preocupe vostede polo sentido do meu voto que o vai a coñecer agora. ¿Votos a favor da Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para instar ao goberno provincial ao mantemento do Plan Concellos e que todos os investimentos extraordinarios para equipamentos e dotacións municipais do mandato sexan repartidos a través de plans de concurrencia competitiva con criterios obxectivos? ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda rexeitada a Moción do Grupo Provincial do Partido Socialista por unha maioría de 14 votos.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista para instar ao goberno provincial ao mantemento do Plan Concellos e a que todos os investimentos extraordinarios para equipamentos e dotacións municipais do mandato sexan repartidos a través de plans de concurrencia competitiva con criterios obxectivos.

9.8057.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA (EXPTE. 2023060562)**



Sr. Presidente.- Seguinte punto da orde do día. O número 9. É unha Moción do Grupo Provincial do Partido Popular contra a tramitación dunha lei de amnistía. Neste caso ten a palabra a deputada María Ramallo.

Sra. Ramallo Vázquez.- Moi ben. Moitas grazas. Moi bo día a todos e a todas. Estes son os socialistas que dixeron que a amnistía é inconstitucional, que a amnistía non cabe na Constitución. Grazas Presidente, señoras e señores Deputados. Esta semana quizás é precisamente no día de hoxe o apropiado para poder tratar unha moción que desde o noso partido pretendemos presentar, tratar, debatir, votar, en todas as institucións das que formamos parte e en consecuencia poder conquistar os votos para manifestar de xeito claro e meridiano parte do debate da semana, eu diría do último trimestre, en definitiva do día de hoxe no que finaliza unha investidura con 172 votos a favor, 178 votos en contra, pero o máis importante é que se pon o marcador en marcha estes dous meses. Se todo é como se prevé haberá de novo candidato á Presidencia do Goberno, será o encargo que debe facer o Rey ao seguinte candidato; a Presidencia do Congreso convocará de novo e voltaremos a debatir e sobre todo a conquistar apoios. Vaia por diante que dou por feito a investidura do actual Presidente en funcións, e vaia por diante que será sen dúbida cos apoios máis costosos da nosa historia. Por eso creo, e espero ver se podemos saír de aquí tranquilos, que hai liñas vermellas que non se deben traspasar, nin pactar, nin ceder, nin dar pasos atrás. Pero a defensa será sinxela, non pretendo nin aburrir nin teorizar nin falar ao ditado, pretendo trasladar sobre todo ao Grupo Socialista, co permiso do Grupo do BNG, un sentimento compartido por moitos, de moitas ideoloxías, para facelo reflexionar dentro do panorama que se nos presenta por diante. Finaliza hoxe un debate de investidura onde se falou alto e claro, os que falou claro, evidentemente, a verdade é que houbo quen non falou do que se pide, a quen lle dan, ao apoio, a cambio de que, e eso fai saltar sen dúbida hoxe máis as alarmas. A maioría dos dirixentes do vello PSOE con Felipe González e Alfonso á cabeza, según vostedes, están en contra da amnistía, e todos os dirixentes do PSOE, do novo PSOE, como din vostedes, consideran a medida como inconstitucional, eso si antes de que se convertira na condición “sine qua non” para que o seu líder puidera chegar á Moncloa. A continuación relato algunhas frases: “¿que pedía o independentismo? ¿Amnistía e un indulto condicionado?, pedían a amnistía e non a tiveron, “e non haberá referéndum de autodeterminación”, Pedro Sánchez. “A amnistía non é plantexable nun estado constitucional e democrático”, Carmen Calvo. “Non cabe nin amnistía nin a autodeterminación”, Felipe González. “Non cabe na



Constitución, non haberá amnistía, non cabe ademais porque esto é unha cuestión técnica pero moi reveladora, a amnistía é o olvido”, Juan Carlos Campo. “Non vai haber amnistía, non vai haber autodeterminación, vai haber si diálogo e política”, Miguel Iceta. “La amnistía non está recoñecida no noso ordenamento xurídico”, Fernando Grande Marlaska. “Eu interpreto a amnistía que non é constitucional, supón a legalización encuberta de actos contra o Estado en todo o mundo que están penados”, Ramón Jáuregui. “Non cabe en absoluto na Constitución, é negar todo o que significou a transición e o esforzo que fixeron os vellos socialistas”, Alfonso Guerra. “O PSOE non aceptará nin a amnistía nin a autodeterminación porque non son factibles e non negociará con Puigdemont”, Salvador Illa. “Non cabe a Constitución, temos dito sempre que non cabe a amnistía na Constitución”, Adriana Lastra. “Si o partido acepta a chantaxe de Puigdemont coa amnistía non será o meu partido”, como o sabería Nicolás Redondo. “Oído Puigdemont pido eleccións e aí o deixo”, Jordi Sevilla. “A cousa está clarísima respecto á amnistía na Constitución se prohiben os indultos xerais pois máis se vai a prohibir a amnistía”, Joaquín Leguina. “Plantexouse cando cambiábase de réxime ditatorial como era o franquismo a unha democracia pero somos un réxime plenamente democrático dende fai máis de 40 anos, por tanto esa figura non cabe na Constitución”, Luis Planas. “A lei de amnistía non cabe na Constitución nin de lonxe e nos introduciría aos españois nunha senda moi perigosa”, Javier Lambán. “Non hai condicións para conceder unha amnistía aos golpistas condenados polo 1 de outubro desde o punto de vista político e o interés xeral da sociedade”, Joaquín Almunia. “Eso a calquera español indígnalle porque ademais é unha traición ao país á esquerda e ao PSOE”, Tomás Gómez. Como xa me está rematando o tempo albergo, con tanto socialista en contra, co permiso do BNG, ter un alto porcentaxe de probabilidade de que me entenden con este voto a esta moción. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sra. Ramallo. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Unha cousiña, me parece que houbo unha amnistía fiscal, paréceme, debía estar prohibida tamén e debeuse vir o mundo abaixo, como afectaba a quen afectaba non tal. Pero, hai unha cuestión de fondo, de funcionamento, que está sendo para o noso parecer e para o meu parecer francamente preocupante, que é que a administración local está desaparecendo, directamente desaparecendo. O sea, aquí facemos ou intentan que se faga ou xogan un papel de traer dinámicas de outras instancias e sin ningunha autonomía, ¿non?, me parece que esto fixeron unha manifestación en



Madrid, creo, unha concentración, fixeron, sale en todos os medios, ¿a que demonio veñen aquí a anular digamos os temas que son propios desta administración local? E quero recordar, Sr. Presidente, que a pesar de ser, de ter sido usted alcalde e diputado provincial na toma de posesión deslizou algunhas cousas que, supoño que sería polos nervos, que van nesta liña, ¡eh!, primeiro dixo lexislatura non seis cantas veces, non lexislamos, exercemos mandatos, non lexislamos, lexislan sobre nós, que é diferente. E despois dixo tamén varias veces a esta cámara provincial, cando é corporación, as cámaras son as cámaras lexislativas, díxoo varias veces. E agora pois tráenos un debate propio de Madrid ou de, vamos, do Senado ou do Congreso, nolo trae aquí absolutamente extemporáneo, fóra de lugar, e digamos posto por, metido en, o outro día, fóra da orde do día na Comisión, que, ¿que quere que lle diga?, pois ni fu ni fa, esto dá a sensación, este Pleno estame recordando moitísimo aos plenos que hai en período electoral aquí, que se vén a facer campaña, pero claro eu non sei a quen se pode facer campaña, home, non sei se os bombeiros e tal están atendendo e lle preocupa que se faga campaña para as xerais, pero realmente senón non habería ninguén, non sei para que se fai campaña aquí, e sempre un recorda que se repite, se repite, se repite esta situación e entonces vimos a facer aquí campaña das xerais ou das galegas e demais con debates que non teñen nada, nada que ver con esta casa e que o único que colaboran é á degradación, á degradación desto e que rematemos sendo uns monicreques do que nos mandan de Madrid ou de Santiago, ¿non?, é dicir, ala, ¡debata esto!, debata usted alá que ten altavoces moito máis potentes que o que hai aquí e esto está para outra cousa, ¿non?, esto máis ou menos é o que estamos vivindo e que desde logo nós non vamos a entrar neste xogo, debátase onde teña que debatirse. Mira que non terán foros, mira que non terán foros para facelo, ¿non?, mire que non terán, o sea, radios, televisión, manifestacións, non sei que, terán para facelo, para vir aquí a ocupar o tempo, perder o tempo desta corporación, ¿verdá?, cun debate que non lle corresponde.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra o Voceiro Carlos Font.

Nestes intre e sendo as 13:59 horas auséntase do Pleno o Sr. Deputado D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

Sr. López Font.- Bueno, después de esta recopilación del socialista y después de esta recopilación de frases publicadas pues decirle Sra. Ramallo que no hay ningún nuevo PSOE, el PSOE es el de siempre, el de 144 años y el PSOE a diferencia de ustedes es democrático, tiene un Secretario General hoy y tiene



unos órganos de gobierno. Desde el profundo respeto que le tengo a usted no me extraña que esta primera moción del Partido Popular no la haya defendido el Sr. Cubela porque el otro día teorizaba sobre nuestra primera moción, y claro, esta primera moción aquí, la verdad es que ciertamente no se entiende. Decía el Sr. Mosquera que este no es el ámbito, y es que es verdad, hay 350 diputados, hay no sé cuántos grupos a los que hemos oído y visto por televisión y venimos a traer este debate aquí. Pues hombre, convendría preocuparse por la provincia de Pontevedra, convendría no haber perdido 45 segundos y haberle dicho a los alcaldes y alcaldesas qué va a hacer este gobierno, y yo simplemente decir que no existe propuesta de la amnistía Sra. Ramallo, que lo que ustedes están haciendo, lo que hizo la Sra. Fernández Tapias el lunes en Vigo, y lo que están haciendo en todos los concellos es tapar la derrota del Sr. Feijóo, y decimos derrota, porque se le dijo el otro día de ganador a ganador, y es verdad, el embudo es que cuando ustedes no ganan y pueden gobernar es legítimo y no es legítimo cuando son los demás. Por lo tanto, dejemos que el propio Congreso lleve sus tiempos y, hombre, dice usted, yo se lo trasladaré a Pedro Sánchez si puedo, ha dicho la Portavoz del Partido Popular en la Diputación de Pontevedra que da por hecho que vas a ser Presidente del Gobierno. Bueno, pues no sé, yo no estaría tan seguro y por lo tanto yo creo que no hay que ni pensar en alarmas ni hay que pensar en cuestiones. Miren, han querido convertir el debate de la investidura en un congreso del Partido Popular, han querido hacer un acto de reafirmación de un líder cuestionado, como lo estuvo Pablo Casado, y la prueba de los aplausos y la prueba de la escenificación y demás es que eso han querido convertir el debate de investidura haciendo perder el tiempo y a sabiendas de que no lo iba a conseguir. Miren, no soy yo quién ni para darles consejos ni lecciones, pero lo que ustedes tienen que hacerse ver es que están solos, que no pueden hablar con nadie. Hay dos fotos absolutamente patéticas pero definitorias de lo que ha sido el debate de investidura, cuando el candidato Sr. Feijóo va a mendigar al Portavoz del PNV después de haber insultado al PNV y al pueblo vasco; y hay otra foto también muy elocuente, de cuándo los socios, porque Santiago Abascal proviene del Partido Popular, le va compungido a decir a ver si a la próxima tenemos más suerte. Pero aquí de lo que se trata es de tres cuestiones: miren, ustedes censuran en los demás lo realizado, amnistía, amnistía Aznar que indultó a Daniel Baúlo Carballo un narcotraficante a 12 años de prisión; Aznar indultó y le dió amnistía a 16 terroristas de Terra Lliure, si, si; Aznar dijo que ETA era el movimiento de liberación vasco; Aznar negoció con ETA; por lo tanto, le podría, como usted ha hecho en su línea argumental, fué una pena no traer frases y frases y frases de lo que ustedes hicieron en el gobierno. Por lo tanto, no son ustedes



nadie para censurar, el Parlamento lleva su propia dinámica y punto, pero el otro mantra que tienen es el tema de la Constitución. La Constitución parece que les pertenece, primero no la votaron y segundo dice el Sr. Feijóo que va a hacer un delito de lealtad a la Constitución, como bien se le dijo será el primer condenado el, por el Consejo General del Poder Judicial que lleva 5 años. Y luego hablan el otro manta de igualdad, igualdad, honor, la patria, y se llenan la boca de decir, ¿es un partido igualitario el que vota en contra de la reforma laboral?, ¿Es un partido que garantiza igualdad el que vota con Vox para que se den escenas como la del Parlamento de ayer de Aragón? ¿Es un partido que está a favor de la igualdad el que vota en contra de la revalorización de pensiones? Miren, España no es de ustedes y España no se rompe aunque ustedes lo intenten todos los días.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Font. Ten a palabra a deputada María Ramallo.

Sra. Ramallo Vázquez.- Grazas Presidente. En fin, Sr. López Font, le podía leer más declaraciones. Yo simplemente creo que por el alto grado de probabilidad de un montón de gente de su partido que ha ostentado cargos pero sobre todo lo más importante, la que no tiene cargos y piensa exactamente lo mismo, debían ustedes hacérselo mirar y no atacar. Hombre, yo le doy mi opinión pero por lo que dice él, que va a ser Presidente del Gobierno, y que tiene los apoyos, lo dice él, no lo digo yo. Y como ya ha concedido los indultos, como ha cambiado el Código Penal, eso si que es una amnistía fiscal, para cambiar el delito de malversación; y como lo creo capaz de seguir una deriva importante, creo, precisamente y justamente, y porque han dicho ustedes reiteradamente lo contrario, que debían de poner alguna línea roja y tener algún freno. Pero no por nosotros, que no lo harán, no por el panorama político, que no les importa, y que si que afecta, a Galicia por supuesto, y a esta provincia también, porque ese trato desigual, esa falta de igualdad entre todos nos va acabar afectando y más a los que vivimos en este córner. Y se lo digo con toda la lealtad, yo no sé si le gusta, yo trato de ser respetuosa, pero sobre todo de poner blanco sobre negro lo solos que estamos, 172 votos a favor, solos, solos, en la historia, y usted se la sabe, me imagino y me consta, hombre, 172 votos a favor de una investidura no me parece que estemos muy solos; cuiden ustedes que no le falten esa diferencia o, por lo menos, que no se la cobren cara, es lo que trato de decirles, porque están jugando con el prestigio de nuestro país, están jugando con las instituciones, están jugando con el futuro de su partido, y están jugando con muchas cosas que hasta ahora nadie se había atrevido a jugar; y como las líneas rojas que traspasa el Sr. Pedro Sánchez son conocidas podemos aludir, en fin, llegué a política en el año





95, gobernaba Felipe González, nada que ver, nada que ver, por lo tanto, creo que es bueno escuchar a todos, nosotros en nuestro partido lo tratamos de practicar, aprender de todos, pero sobre todo no convertir esto en un circo, porque mire, de ganador a ganador, y yo si se lo puedo decir con cierta solvencia, de ganador a ganador, aún no he conseguido empatar con nadie, he sido alcaldesa cuando he ganado por mayoría absoluta reiteradamente las elecciones, no como el Portavoz Socialista que empató como mucho en el año 2019, o sea, prudencia. Y estoy totalmente a favor de descongestionar este debate porque creo que es bueno para el país, creo que es bueno para todos, creo que es bueno para la igualdad, para la libertad y sobre todo es bueno para el Partido Socialista. Por eso le reitero todas y cada una de las afirmaciones que han tenido destacados miembros de su partido, no se puede imaginar todos los miembros de su partido que no son famosos, todo lo que dicen. Y nada más, y cada uno, evidentemente, que vote lo que estime oportuno y ...

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sra. Ramallo. Ten a palabra D. Carlos Font.

Sr. López Font.- De verdad que resulta patética esta preocupación del Partido Popular y de sus militantes por el Partido Socialista. Sra. Ramallo, nos preocupamos nosotros de nuestro partido y no se preocupen de verdad por nosotros, porque cuando ustedes se preocupan por nosotros nos hacen un “tamayazo”, cuando ustedes se preocupan por nosotros compran el gobierno de Madrid en aquel momento, comprando vía corrupción a dos diputados de la Asamblea de Madrid; cuando ustedes se preocupan por nosotros lo único que pretenden es el transfuguismo que debería darles vergüenza a todos ustedes de invocar al Partido Socialista. El Partido Socialista tiene sus normas, el Partido Socialista actuará dentro de la legalidad, y lo que es evidente es que están solos, ¿sabe por qué están solos? Porque ustedes y Vox son lo mismo, lo mismo. Santiago Abascal salió de sus filas, hoy, Feijóo está retornando a lo que era en aquel momento el Partido Popular, y por lo tanto, claro que están solos. Miren, ha ocurrido muchísimas cosas, ¿por qué no me habla de la ocurrencia de Núñez Feijóo de que gobernasen dos años para luego hacer unas elecciones? ¿No le parece esto una ocurrencia? ¿No le parece que yo podría hacer veinte mil argumentos sobre las ocurrencias que se han hecho?. ¿No le parece una ocurrencia de una formación política que lo único que llama es a la confrontación social con una manifestación como la que hicieron ustedes el otro día?, que parece que haber reunido 40.000 personas en Madrid es el colmo. Miren, manifestaciones esta del 2015 en la ciudad de Vigo que tiene 300.000 habitantes,





que salieron 200.000 personas a la calle a decirle al candidato a la investidura de hoy que la sanidad era un desastre en Galicia. Mire esta foto, miren esta foto, esto si que es una manifestación y no la que ustedes hicieron en Madrid. Por lo tanto, por lo tanto, este no es un debate aquí, este es un debate que ustedes tienen que traer porque, evidentemente, se lo han mandado de su partido y punto. Pero miren, lo importante es la democracia, se vota, Sra. Ramallo, para gobernar, no se vota, no se vota, Sr. Domínguez, para ganar como si fuera una etapa volante, no, y la prueba está en que ustedes gobiernan en muchos sitios en los que no ganaron. Por lo tanto, yo como conclusión, y aburrido de debatir sobre este tema, les digo que a sus parlamentarios, a los que han elegido ustedes en la provincia de Pontevedra les dejen trabajar y que hagan su trabajo. Pero, ¿saben cuál es el problema? Que España, excluido Vox, está representada en lo que ocurrió en la provincia de Pontevedra, 4 diputados de mayoría de progreso frente a 3 del partido popular. Gracias.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Font. Ten o turno de palabra a deputada María Ramallo.

Sra. Ramallo Vázquez.- Moitas grazas Presidente. Bueno, co obxectivo de pechar este debate, señor López Font pensaba que iba a darlle vostede un pouco máis de nivel a este asunto con todos os meus respectos e sobre todo non ter que acudir á Comunidade de Madrid no ano, en fin, moitísimas cousas. Pero claro, acudir a unha foto dunha manifestación contra o hospital Álvaro Cunqueiro en Vigo, mire, ¡eh!, cando fun a ver ese hospital, invito a todo o mundo, quedei impresionada, impresionada, impresionada, llo digo de verdade, lle invito, de verdad, que sexa obxectivo porque si hoxe en día, e sobre todo cando foi a pandemia non tuvéramos ese hospital en Vigo outro galo cantaríaa. Polo tanto, cada un é responsable do que promove, das manifestacións que promove, pero o que hai que ser é coherente e obxectivo. Estamos falando de atravesar liñas vermellas e estamos falando de que hai determinadas cousas que non deberían estar en venda, nin siquiera no Partido Socialista, por eso lle chamo a atención, e lle chamo a atención porque evidentemente hai un gran sentir popular preocupado, nesta provincia tamén, e así é bo facelo saber. Polo tanto, sinceramente, creo, polo que di Pedro Sánchez, que vai a ser o próximo Presidente do Goberno, o di el, non eu, como comprenderá non gañou as eleccións, ten que pactar o que lle pidan, e estanlle pedindo cousas que nunca se pensou na vida poder pactar. A ver si temos unha alegría, por suposto, a ver si nos centramos e a ver si seguimos ese camiño de prosperidade porque senón o



que estaremos sembrando de cara ao futuro é desigualdade e moita, moita, moita, falta de liberdade. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente.- Moitas grazas señora Ramallo. Vamos a proceder entón á votación deste noveno punto da orde do día que é Moción do Grupo Provincial do Partido Popular contra a tramitación dunha lei de Amnistía. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra?. Queda probada pola maioría de 14 votos.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) contra a tramitación dunha lei de amnistía.

Dita Moción é como segue:

“MOCIÓN CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA que presenta o grupo popular na Deputación de Pontevedra, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para elevar ao Pleno a Proposta de acordo/Moción que trae a súa causa na seguinte:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía que seguiu o principio de reconciliación nacional que guiou a nosa Transición á democracia. A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufriu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia.

Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, xa que se presentaron dúas emendas para que as Cortes Xerais puidesen ter esa competencia. As emendas foron rexeitadas e, pola contra, aprobouse o artigo 62 que prohibe indultos xerais. É dicir, o perdón -que si existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do Indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca con carácter xeral.



Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para xulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e mesmo evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán. Todo iso ademais mentres que tanto o Tribunal de Xustiza da UE como o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos teñen pendente resolucións referidas á cuestión, sobre á que se expón a posible amnistía e que afectan a España.

En 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde Constitucional. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou aos seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación. Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao estranxeiro. Desde entón tratan de evitar a acción dos Tribunais españois e europeos. Non foi o único que o fixo. O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, aos procesados polo referendo ilegal de 2017, en ocasións por feitos dunha violencia extrema.

Non é a primeira vez que se expón esta cuestión. Xa en 2021 rexistrouse unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario á súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.

Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriuse a que se poida tramitar unha Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, de novo preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do CGPJ, a Fiscalía e o Consello de Estado.



O prezo da presidencia non sería só exculpar centenaes de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito e branquear e considerar a lexitimidade da sedición que levou a cabo. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que a falta de rexeitamento explícito e contundente por parte do Goberno está a causar unha profunda conmoción social.

Por todo iso, o Grupo Popular provincial presenta a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDOS

1. Rexeitar calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.
2. Considerar que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes para o seu cumprimento.
3. Animar aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española se vexa sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.
4. Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e Ministerio de Traballo e Economía Social, ao Ministerio de Política Territorial, e aos Portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado e tamén á Xunta de Goberno da FEMP.”

### 10.8058.- ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Sr. Presidente.- Ben, no punto número 10 de asuntos fóra da orde do día, trasladar que no día de onte o Grupo Provincial do Partido Popular presentou unha moción, ¡eh!, para, unha moción de solicitude de medidas ao Goberno de España para impulsar os plans de futuro de Stellantis Vigo e do sector da automoción da provincia. Ten a palabra a Vicepresidenta Marta Tapias a efectos da xustificación da urxencia.

Escóitase falar pero non se percibe o que se di.



Sr. Presidente.- Está no expediente. Eu téño aquí. Pero, a ver, no que é accesible para todos. Revisen por favor. Pero é por urxencia. É unha moción por urxencia.

Escóitase falar pero non se percibe o que se di.

Sr. López Font.- A ver, a ver, a ver Sr. López, de verdad, le apelo a usted y le invoco. Mire, discutimos una moción, ustedes pueden presentar las mociones que quieran, hagan Plenos extraordinarios, hagan lo que quieran. No puede ser, ¿Qué ha dicho? ¿Stellantis Vigo? ¿Ha dicho Stellantis Vigo?, no puede ser que una moción que no conoce, yo hablo por mi grupo, una moción que no conoce este grupo, se tenga que debatir aquí como si esto fuera un atraco a mano armada. Yo le pido, de verdad, que no consienta este atropello, porque primero, bueno, en ocho años de gobierno esto nunca se ha hecho, no creo ni siquiera que lo hubiera hecho el Sr. Louzán, y vamos, primero es una falta de respeto a quien se presenta sobre la moción, y segundo este grupo no tiene ninguna comunicación y es que claro, le pedíamos al principio del Pleno el que viniese el acta, vale, nos han puesto la excusa que ya contábamos, y ahora después de hacernos lo que nos hicieron en la Comisión Informativa resulta que traen un tema, una moción sobre un tema tan importante para esta provincia, para esta ciudad y quieren que yo, que no tengo ni idea lo que dice la moción o cualquiera de mis compañeros tengamos que debatir esto. Por favor, y de verdad, se lo pido, esta moción si quieren la discutimos como cualquier otra en el próximo Pleno. Esto es un atropello que no se ha hecho nunca y yo desde luego le pido al Secretario que diga si esto es legal. Le pido de inmediato si es legal esto, y a usted le pido políticamente ...

Sr. Presidente.- Ten a palabra o Sr. Secretario.

Sr. Secretario.- Mire, señor diputado, es legal esto. Mire, si usted lee el artículo 24.3, “en las sesiones ordinarias, concluido el examen de los asuntos a tratar en el orden del día o antes de pasar á quenda de rogos e preguntas el Presidente preguntará a los voceiros de cada grupo, a los diputados, si desexa someter a consideración del Pleno por razones de urgencia algún asunto no comprendido en el orden del día de la convocatoria y que no tiene cabida en ruegos y preguntas, si así fuese, entonces hay que votar por mayoría absoluta, sigo leyendo, mayoría absoluta del número legal de la corporación”. Es decir, esta es una institución que está en todos los órganos colegiados fuera del orden del día.



Yo en el momento que me la dieron di orden de que la incluyesen en el expediente electrónico del Pleno.

Sr. Presidente.- A ver, ben, mire, chegados a este punto, non é de dudosa legalidade, queda claro, a presentación desta moción, a cal se rexistrou no día de onte, creo recordar pois antes das cinco da tarde. Todos temos, está na plataforma web, polo tanto todos teñen acceso. Pero podo entender que, bueno, os pillara co pé cambiado. Polo tanto, dada a premura vamos a deixala a un lado, pero que conste que é completamente legal o debate desta moción se saía adiante a urxencia, lóxicamente. Se saía adiante a urxencia era completamente legal, unha presentación xa digo, de, de bastantes horas, polo tanto, deixamos esto para o seguinte Pleno pero que quede claro que é completamente legal. ¿Vale?. Damos, damos por ... Non hai reflexións, asunto rematado.

Non houbo.

B) Parte de información e control:

11.8059.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE AGOSTO DE 2023 (EXPTES. 2023059736-2023058722)**

Sr. Presidente.- Pasamos, pasamos, pasamos ao seguinte punto da orde do día, que é dar conta do informe que é o punto número 11, que é dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ao mes de agosto de 2023.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de agosto de 2023, asinado conxuntamente polo Interventor e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 12 de setembro de 2023, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido



no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de agosto de 2023 que se expón a continuación:

#### PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES AGOSTO 2023

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Agosto	8,1855703979	5.145.649,15	3,8573925149	791.368,98	<b>7,6086501929</b>
Escola de Enfermería	Agosto	21,1339542372	8.422,13	0,0000000000	0,00	<b>21,1339542372</b>
Consorcio de Incendios e Salvamento	Agosto	16,9455153138	74.264,17	0,0206900127	3.857,90	<b>16,1097171388</b>
Consorcio Deza Tabeirós	Agosto	12,8515829000	12.973,03	3,8699216300	2.356,81	<b>11,4707420629</b>
<b>TOTAL</b>			<b>5.241.308,48</b>		<b>797.583,69</b>	<b>7,7472911957</b>

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2023 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial





contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

#### 12.8060.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Sr. Presidente.- O punto número 12, que é dar conta tamén das resolucións presidenciais.

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 12 e 25 de setembro de 2023.
- b) Relación de extractos de Resolucións do ORAL comprendidas entre o 12 e o 25 de setembro de 2023.

#### 13.8061.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E por último o punto número 13 que son Rogos e preguntas. Un segundo, ten a palabra Dona María Ortega, deputada do Bloque Nacionalista.

Sra. Ortega Iñarrea.- Moitas grazas Sr. Presidente. Bo día. Simplemente quería facer un rogo polo que acaba de acontecer neste Pleno agora mesmo, eu creo que o Grupo Provincial do BNG ten tanto dereito coma outros grupos a tomar a palabra cando hai algún problema, o Sr. Font falou sobre a problemática desta moción que meteron, vamos, que pretendían meter por urxencia, e eu pedín a palabra e a min non se me deu, ao noso grupo non se lle deu a palabra. Rógolle que sexa a última vez que ocorre tal circunstancia. Moitas grazas.



Sr. Presidente.- Non volverá a acontecer. Ben, entramos no turno de Rogos e preguntas e ten a palabra o Voceiro que, lembre o que dicía a anterior Presidenta, recórdollo eu, bueno, na etapa de deputado, que as introducións ben sabe que non as toleraba moi ben, e logo que na mesma pregunta fosen máis de unha, predique co exemplo.

Sr. López Font.- Voy a hacer un ruego sencillo sin introducción y es, primero, que se cumpla el Reglamento y que se cumplan las normas en relación a este Pleno; y el segundo ruego, que lo que hice Sr. Cubela, yo como Portavoz durante ocho años de tener la lealtad institucional de avisarles a ustedes cuando había un tema importante lo haga usted conmigo y no presenten mociones a las 5 de la tarde para que nos tengamos que enterar aquí, porque eso no se lo he hecho yo nunca. Así que le ruego que sea leal institucionalmente.

Sr. Presidente.- Ben, pois non tendo máis asuntos que tratar, quero abrir un inciso antes de dar por pechada, ¡ah!, ten a palabra, pensei que só tiña rogos, que non había preguntas, ten o turno o Voceiro Socialista Carlos López Font para as preguntas.

Sr. López Font.- Ya veo que tengo que centrarme mucho porque el descoloque es tremendo. Tenemos dos preguntas: Primera, ¿ten dado o Sr. Presidente da Deputación orde ao seu equipo de comunicación de eliminar de toda a comunicación institucional a referencia aos plans provinciais?, en concreto, ¿por qué no aparece mención ao Plan Concellos, Plan Reacpon, Plan 2030 o Plan extraordinario con motivo das inundacións do pasado decembro e xaneiro, nas novas que publica a Deputación?. Y la segunda pregunta es ¿pode o Sr. Presidente facilitarnos copia íntegra do chamado “Informe de avaliación interna” que deu a coñecer a principios de mes e nos que amparou as súas declaracións no sentido de que a Deputación está nunha situación económica precaria e mesmo nunha situación económica inestable? Gracias.

Sr. Presidente.- Moitas gracias. Ben, pois antes de dar por rematado o Pleno quero abrir un inciso i é o referente á participación de persoas que de xeito oral queren achegar pois cuestións de interese, neste caso, pois temos hoxe aquí aos bombeiros, pois ós cales, bueno, pois agradezo o tono cordial da vosa estancia aquí e tamén a paciencia que é necesaria ás veces en Plenos, e trasladarvos que estas exposicións orais teñen que ser cursadas dez días antes de, polo



Regulamento, dez días antes de formulalas e teriades que intervir antes xusto da apertura do Pleno. Polo tanto, non podendo ser así, o que vamos é dar por finalizado o Pleno, formalmente e automaticamente vos cedemos a palabra, que haberá un micro por aí. Ben, entón damos por finalizada esta sesión e cedémolle a palabra a un representante-voceiro dos bombeiros, e bueno, tamén indicar que esta excepcionalidade pois se fai en base a que o Consorcio pois ten unha dependencia directa da Deputación de Pontevedra. Moitas grazas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as catorce horas e dezasete minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

